



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 06 DE XUÑO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-presideante

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes:

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 6 de xuño 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que existe quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (14 03 2016)

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, benvidos ós presentes grazas por estar aquí. Quero recordarlles que conforme ó regulamento vixente as intervencións son de 5 minutos e de 3 minutos na segunda intervención. Gustaríame que non houbera que ser estritos co tempo senón que cada un soubera axustarse precisamente a eses tempos. O primeiro punto da orde día é a aprobación da anterior do Pleno do 14 de marzo de 2016, votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Aprobación da acta anterior 14/03/2016”

2- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BARBADÁS E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMARCA DE OURENSE-ADERCOU PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO CENTRO EMPRESARIAL TRANSFRONTEIRIZO DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Convenio de colaboración entre o Concello de Barbadás e a Asociación de desenvolvemento rural da comarca de Ourense-ADERCOU para a cesión de uso dun local no Centro empresarial transfronteirizo de Barbadás. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes Concelleiras e Concelleiros boas tardes tamén ó público asistente, grazas por vir. Hoxe vimos a pór punto final a este convenio, vimos a asinar o convenio, o mes pasado veu unha adaptación do prezo público que ten o Concello de Barbadás para o uso das instalacións no Centro empresarial transfronteirizo para adaptar os 1.000 € que paga o Concello de Barbadás como socio de ADERCOU, xustamente con 1.000 € que sería o que ADERCOU nos pagaría a nós polo uso desa oficina no Centro empresarial transfronteirizo, unha oficina de 35 m², e este convenio que ven a determinar é, que lle facemos cesión desas oficinas, mentres se manteña o uso para o que foi feito esta convenio que é a xestión dos fondos LEADER para o período 2014-2020. ADERCOU é unha asociación creada para xestionar os fondos LEADER para o desenvolvemento dos grupo de desenvolvemento rural na comarca de Ourense, no novo programa 2014-2020 formamos parte de ADERCOU 17 concellos, ademais de asociacións do ámbito privado, hai unha mesa sectorial por cada ámbito de actuación de empresarios, de mozos empresarios, de agricultores, de mulleres, de xuventude, e todo tipo de asociacionismo destes 17 concellos pode



formar parte de ADERCOU. Esta ADERCOU, esta asociación estivo sempre instalada no Centro empresarial transfronteirizo de Barbadás dende o ano 2007, e xestiona as axudas dos fondos europeos para os grupos de desenvolvemento rural. As subvencións ás que se adica achegar ADERCOU están encamiñadas a dúas liñas estratéxicas, por un lado a proxectos produtivos, é dicir, á creación de emprego, a fomento de empresas, a novos proxectos empresariais, a novos proxectos tamén agrícolas e forestais, aínda que tendo en conta que no novo período non son subvencionables o sector primario, non é subvencionable a produción agrícola e forestal, só é subvencionable a transformación e comercialización dos produtos agrícolas, pero si tamén é subvencionable proxectos non produtivos, eu creo que o Concello de Barbadás ademais de facer un traballo na formación de emprego debe participar en ADERCOU, porque temos proxectos non produtivos como son cuestións de dinamización do rural do noso Concello, do turismo, ou de dinamización da estrutura empresarial de Barbadás, polo tanto, este é o que traemos a este Pleno a aprobación deste convenio polo que en lugar de ser unha condonación é unha compensación da débeda, que nós lle pagaríamos a ADERCOU por ser socios, co que eles nos terían que pagar a nós polo uso desas oficinas.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Nós queremos manifestar que estamos de acordo co tema todo de ADERCOU, e si queremos dicir nós estivemos na reunión que se organizou hai un mes ou mes e medio, á que só asistiron dúas persoas do comercio, queremos que se fagan reunións e se publicite máis no Concello para que asista máis xente e saiba de todas as axudas que se poden beneficiar, sobre todo aquí en Barbadás, unha vez que A Valenzá está incluída nas axudas ás que se pode optar de Europa. Tamén queremos dicir que se envíe moita máis información neste sentido, e se faga moita máis publicidade do tema. Eu o tema do turismo como dixo o señor Tenente Alcalde, non diría que é un tema non produtivo, si que é produtivo, é unha das nosas apostas que eu co tema de Santa Uxía, que a revalorización do era a antiga escola para facela como turismo rural, e para intentar atraer xente polo tema do termalismo que está a 1 quilómetro das termas de Ourense, que se vai revitalizar moito ese turismo co tema cando se algún día está o AVE que estará acabado, e poida vir xente de Madrid en tres horas ou dúas horas e media aquí a Ourense, temos aí un pobo que está moi preto, entón dinamizar iso supón traer iniciativa privada que pode comprar casas, rehabilitar vivendas e alugalas porque hai cerca un termalismo que é o que pode tirar do carro, entón non lle chamaría non produtivo porque si que é produtivo. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana): Boas tardes a todos. Nada eu non teño



moito que dicir que porque xa me quedou claro o que si volvo ó que dixo Ramón, ou sexa que xa que eles están aí pois que se vexan máis as cousas que fan polo Concello, apoialos para que apoiem a que isto se mova máis. nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partida Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todos e a todas como ben indicou o Tenente de Alcalde trátase de algo sumamente importante o que é o desenvolvemento dos fondos LEADER, e ademais que o noso Concello de Barbadás siga formando parte de ADERCOU, xa non só para Barbadás senón para toda a nosa comarca. Como indicamos na Comisión Informativa ten que quedar esta condonación dos mil euros que lle suporía ó Concello o formar parte da ADERCOU condonada por escrito e sumamente importante, o único que teñamos a dúbida que tamén nos quedou aclarada o outro día na Comisión Informativa era no tocante era á cláusula 5ª na disolución, xa nos quedou claro, insisto son cláusulas resolutorias entre ambas as dúas partes que en caso de incumprimento disolveríase o contrato, simplemente que quede constancia de que os intereses perseguidos son tanto para a asociación de desenvolvemento rural coma para o Concello de Barbadás. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Algunha intervención adicional?

O sr. Fírvida toma a palabra: Moi brevemente, grazas polas súas intervencións, o único aclarar que se trata dunha compensación non dunha condonación e porque é un criterio de, é unha compensación de prezos, e o feito de que se chame proxecto non produtivos é porque están impulsados por institucións públicas ou asociacións sen fins de lucro, non porque non sexa realmente produtivo nin beneficioso para a sociedade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Non hai ningunha segunda intervención entendo. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Convenio de colaboración entre o Concello de Barbadás e a Asociación de desenvolvemento rural da comarca Ourense-ADERCOU- para a cesión de uso dun local no Centro empresarial transfronteirizo de Barbadás. “

3- DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRIORITARIOS PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS PROFESORES DE MÚSICA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á declaración de servizos prioritarios para a contratación de dous profesores de música. Ten a palabra a Concelleira señora Ánxela González.



A sra. González toma a palabra (BNG): Traemos aquí a contratación de dúas profesoras ou profesores da Escola de Música Municipal porque se lle remata o contrato a dúas das profesoras, unha delas é a profesora de violín e viola, e outra é a profesora de linguaxe musical que remata o seu contrato a trinta de xuño. Tanto no caso da profesora de violín e viola coma da profesora de linguaxe musical dan ambas dúas áreas sumamente importantes dentro da Escola de Música, unha delas non só é que estea dando clases de violín senón que ademais leva un grupo de corda, e outra é a de linguaxe musical que da todo o que é relativo ó linguaxe musical e evidentemente sen isto a Escola de Música non funcionaría como está funcionando. Ademais diso dicir que a Escola de Música actualmente ten máis de 250 alumnos e alumnas, que acoden e incluso moitos quedan fóra e que polo tanto manter o nivel e a calidade da escola parécenos un motivo máis que suficiente para que esta nova contratación se leve a cabo para cubrir estas dúas prazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada, dicir que xa se fai así todos os anos pois non temos nada que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: É a quenda da voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Nós estamos de acordo. Quería dicir unha cousa aquí en público que téñenme chegado moi boas informacións da Casa de Cultura, como está funcionando e nada dicir que siga así porque están facendo ben.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Nós tamén dende o Grupo do Partido Popular de Barbadás insistir no mesmo na boa labor que se está a facer dende a Escola de Música, e dende logo si que vamos a votar a favor de que se manteñan estes dous postos de traballo, xa non postos de traballo senón un servizo realmente imprescindible que están facendo as traballadoras, tanto a de violín coma a de linguaxe musical, estamos a favor. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ánxela quere vostede dicir algunha cousa máis.

A sra. González toma a palabra: Trasladareille os parabéns ós traballadores e ás traballadoras tanto da Escola de Música coma da Casa da Cultura da vosa parte, e dar as grazas polo que acabades de dicir publicamente non me queda outra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón Padrón, algunha segunda intervención?. Señora Fina, nada. Partido Popular, tampouco. Votación. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:



“Declaración de servizos prioritarios e urxencia e necesidade de contratación de dous profesores de música”

4- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

O sr. Alcalde toma a palabra: O cuarto punto da orde do día é a Modificación do Regulamento orgánico municipal, ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Trátase dunha modificación dunha adaptación do Regulamento orgánico municipal aprobado inicialmente no ano 2010 polo o anterior grupo de goberno, e o que se fai é adaptar ás novas circunstancias de funcionamento dos órganos municipais en concreto do Pleno de Barbadás. Os cambios máis salientables son que os Plenos se van a realizar con carácter mensual en lugar de facelo con carácter bimensual agás o mes de agosto, engádese como un órgano complementario dos Plenos, a Xunta de voceiros, así estaba recollida tamén na execución dos orzamentos, e na Xunta voceiros chegouse a outros acordos aínda que non se recolleron por escrito neste regulamento orgánico como é que todos os Plenos comezarán ás sete e media da tarde tanto en inverno como en verán para adiantalo media hora e poder acabar un pouco antes, e as modificacións que queremos introducir hoxe ademais da emenda do Partido Popular que a aceptamos, aceptamos e nos gustaría incorporala a emenda, xa a vai defender o Partido Popular, nós queremos facer dúas modificacións, unha é no punto onde figura a periodicidade dos Plenos con carácter ordinario non extraordinarios, que están regulados e outro punto, onde figurará que os plenos terán unha periodicidade mensual agás o mes de agosto, e a outra modificación é no artigo 2 punto 3, no último parágrafo posto que neste Concello, dende que está o novo grupo de goberno estamos permitindo as gravacións dos Plenos por parte da cidadanía, algo que antes non acontecía, non se deixaba facer, agora nós o estamos permitindo queríamos darlle tamén carácter orgánico recollelo no propio ordenamento do Concello, por iso neste punto o último parágrafo desde, as gravacións de sesión plenaria permitírase para os únicos efectos, para a súa difusión polos medios de comunicación social, quedando por tanto prohibida dita actividade por parte dos concelleiros/concelleiras asistentes e polo público presente no salón, esta parte queda anulada, o público presente poderá gravar os plenos de Barbadás para a súa difusión. Modifícase este parágrafo polo seguinte: permitírase a gravación das sesións plenarias para a súa difusión como garantía da transparencia na información do debate de orde municipal.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente, isto foi acordado todo unha Xunta de voceiros, tamén



alí o outro día en Comisión Informativa tamén se preguntou polo tema este da votación en caso de non estar presente un Concelleiro, e nós tamén estamos de acordo co Partido Popular, de feito o primeiro que fixen cando cheguei aquí era preguntar porque quedou dende Secretaría quedaron de mirar a canle legal para poder trasladalo ó Regulamento por escrito, entón xa vendo que o goberno está de acordo na emenda tamén do Partido Popular, e no que nós tamén manifestamos pois esperemos que se encontre a canle legal e haberá que modificar máis adiante o regulamento. Pois nada máis, non teño máis que dicir.

O sr. Fernández toma a palabra: Simplemente o que comentaba aínda que xa se interpreta un pouco polas diferentes intervencións que escoitamos xa, simplemente ler a emenda, aproveitamos a ocasión de que viña este punto na orde do día para presentala, é dicir, que se habilite a canle legal máis axeitada para que calquera membro da Corporación Municipal, que se atope en situación de enfermidade ou imposibilidade física que lle impida asistir ós Plenos, poida manifestar a súa posición, exercendo o seu dereito a votar os puntos fixados na orde do día e de naqueles que poidan considerarse determinantes. Grazas.

A Secretaria Xeral toma a palabra: Con permiso da Presidencia vou a emitir un informe respecto á cuestión plantexada nas Comisións Informativas, que é a da posibilidade de voto sen presenza física no Salón de Plenos por causa de baixa médica evidentemente. A primeira posibilidade sería o voto por correo o primeiro requisito, e quizás en onde se atopara o obstáculo é que a sinatura do votante debe estar autenticada por un fedatario público co cal un notario debería de acudir para que acreditar a lexitimidade da firma sexa un establecemento sanitario, ou sexa o domicilio da persoa que se atopa enferma, e tamén podería ser a posibilidade para o caso concreto de que acudise o secretario da corporación, en calquera caso habería que facer un desprazamento ó centro. E despois seguir os trámites do voto por correo, é dicir, emitir o voto e envialo por correo, cun preaviso imaxino bastaríanos en Secretaria ou un aviso telefónico. Neste tipo de cuestións porque hai unha segunda posibilidade pero ningunha delas xa adianto que vai ser posible a cuestión plantexada o outro día nas Comisións, é dicir, votar a posibilidade de emendas, neste caso se se plantexa unha emenda se entendería que o votante ausente se abstén. A segunda fórmula é o voto presencial, o voto presencial volvemos a estar no mesmo, desprazamento do Secretario do Concello o funcionario delegado por el a este efecto, ó centro sanitario ou ó domicilio, eu entendo que unha terceira vía que evidentemente non está funcionando nin sequera na Deputación Provincial é a do voto por sistemas telemáticos, nin sequera funciona alí, polo tanto creo que habería que estudar e analizar calquera destas dúas



posibilidades ou as dúas recollelas e regulalas, tendo en conta que se se aproba hoxe inicialmente o regulamento vaise expoñer ó público porque é o que procede, e despois vaise vir a aprobación definitiva e resolución de alegacións creo que é un pouco absurdo o que dentro dun mes volvamos a traer en medio dun procedemento volvamos a traer outra modificación polo tanto eu informaría á Alcaldía e ós membros da Corporación sobre a oportunidade de deixalo para o mes seguinte e darlle unha redacción concreta, porque tampouco a fase de alegacións é o momento oportuno nin a canle oportuna, é dicir, alégase fronte a un texto que existe entón eu creo que habería que estudar, que habería que negocialo cos voceiros dos diferentes partidos e atrasar a toma de decisión ó respecto porque un regulamento orgánico, pois é un regulamento orgánico e require absoluta, co cal, iso xa queda a súa decisión pero habería que facer unha redacción dun texto, non é pois vale que aprobamos o voto por correo, non, a cuestión é darlle un texto determinado e unha regulación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos todo de acordo en que se retire quede enriba da mesa para o próximo Pleno se a señora Secretaria ten estudado o tema, si, perfectamente. Deixámolo para o próximo mes para o próximo Pleno.

O sr. Fernández toma a palabra: Retiraríase o punto da orde do día, por iso estaba indicando que o señor Alcalde non entendeu as explicacións que daba a Secretaría.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos de acordo en que se retire e quede enriba da mesa para o próximo Pleno se a señora Secretaria ten estudado o tema. Deixámolo para o mes que ven, para o próximo Pleno.

5- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO CAMPAMENTO RURAL DE VERÁN.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aprobación do prezo público do campamento rural de verán.

A sra. Pérez ten a palabra (PSOE): Boas tardes a todos e a todas, traemos a este Pleno a aprobación do prezo público do campamento rural de verán que sería un campamento que se ofertaría ós distintos pobos do Concello onde fose demandado. Para establecer este prezo público de campamento rural fíxose unha memoria económica financeira onde se estudaron os custos indirecto e os custos directos, que xa veñen especificados aquí todos eles, e o prezo por neno a contía que se pagaría por neno neste campamento sería de 25 euros por neno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós estamos de acordo do tema do campamento de verán, simplemente non sei se se debería articular algún, porque o horario de entrada é as 9:30 e hai nenos



dos pobos que dependen dos pais a súa situación, é simplemente o prezo é o que vamos

O sr. Alcalde toma a palabra: É a memoria económica-financeira, é o prezo público non hai máis.

O sr. Padrón toma a palabra: En relación ó prezo si estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: A voceira de Democracia Ourensana ten a palabra.

A sra. Jácome toma a palabra (Democracia Ourensana): Queremos saber o prezo exactamente cal é, semana, mes

A sra. Varelas toma a palabra: É que claro votar un prezo sen un regulamento eu é que, eu para votar un prezo teño que saber o que se vai facer, o que se vai a dar, que horas ou sexa un pouco todo, porque senón eu votar un prezo, pode ser moi barato, ou pode ser moi caro, claro é que, claro os prezos van en función do que se, máis que nada iso, preguntar que claro eu non podo votar un prezo nin que si, nin que non, sen ter unha bases de saber que o que se vai facer que horarios vai ter, que actividades porque senón claro iso pode ser de verdade ridículo, moi barato ou moi caro, entón pois claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a intervención a señora Interventora.

A sra. Secretaria toma a palabra: Non, a señora Secretaria.

O sr. Alcalde toma a palabra: A señora Secretaria perdón.

A sra. Secretaria toma a palabra: Ignoro porque non está presenta a señora Interventora, e ignoro porque se presentou ante o Pleno a aprobación dun prezo público, porque viñan aprobando, tería que explicalo ela, en Xunta de Goberno, entón o ordinario é nunha Xunta de goberno o habitual ata agora, era aprobar o prezo público e a continuación aprobar as bases ou aprobar as bases, e a continuación aprobar o prezo público, loxicamente como o Pleno é mensual entendo que se por un motivo que ignoro cal é, quixeron traelo a Pleno será pola proximidade da Xunta de goberno que será a semana que ven o martes e non vamos a esperar o mes de xullo, entendo que debe de ser por iso, aínda que quero dicir que o “iter procedimental” habitual era aprobábanse as bases e o prezo público de maneira simultánea nunha mesma sesión.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra (PP): Boas tardes a todos. Polo que podemos ler no informe xurídico-económico para a regulación do prezo público do campamento rural de verán xa que as bases de dito campamento aínda non as vimos, como ben dixo a miña compañeira Fina, vaise poñer en práctica nos pobos de Loiro, Sobrado, Bentraces, Barbadás, As Lamas, Finca Fierro, Parada e Piñor, a así nos pobos que reúnan un mínimo de 12 nenos e un máximo de 20, o cal da entender e sabendo que cada



10 nenos correspóndelle un monitor segundo a Lei 50/2000 que cumprirán dous monitores para cada un dos locais dos pobos sendo en oito pobos danos un total de 16 monitores. Non informe económico porque que se estiman un total de 11 de monitores a min sáenme 5 monitores máis, xa mo explicarán despois. O prezo de dito campamento é de 25 €, 5€ máis caro que os nenos que van ó campamento urbano da Casa da Xuventude o cal non nos parece xusto porque segundo as bases que foron aprobadas en Xunta de Goberno o 10 de maio nas que se regulan as bases dos campamentos urbanos de verán o prezo é de 20€ para nenos de 3 a 6 anos, é 25€ para nenos de 7 a 14 anos, iso é o que aprobaron ese día na Xunta de Goberno pero os panfletos que repartiron nos colexios, estes panfletos que teño aquí non poñen iso, senón que poñen 25€ todos os nenos, 25€ os nenos de 3 a 6 anos, e 25€ os nenos de 7 a 14 anos. Señores aclárense en que quedamos os pais xa non saben nin o que teñen que pagar en cada papel pon súa cousa, recórdolles que ten que ser o que se aproba na Xunta de Goberno que para iso se convocan as Xuntas de Goberno e cobran pos asistir a elas, tamén se recolle no informe económica que se poderá un fixar un prezo público por debaixo dos 25€ cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese públicos que así o aconsellen, gustaríanos saber cal van a ser estas razóns e como as van baremar tipo de desconto e todas esas cousas. Outro dato que se recolle deste informe económico é o da data que será no mes de xullo, o desenvolvemento deste campamento rural, e o mes de agosto?, por que decidiron facelo no mes de xullo e non no mes de agosto, fixeron algún tipo de enquisa cos pais e estes dixéronlle que era mellor facelo no mes de xullo. Ó Partido Popular de Barbadás xa non dixeron que algúns lle viña moito mellor de agosto que no mes de xullo, xa nolo explicarán o por que do mes de xullo, como tamén nos explicarán de onde van sacar a tantos monitores para desenvolver estas tarefas nos pobos, porque nese mes tamén se leva a cabo o campamento urbano na Casa da Xuventude e soamente alí compren 6 monitores, alí si o fan dous meses, xullo e agosto. O Partido Popular tiñamos uns días no mes de xuño e setembro, comezábamos co campamento urbano o día seguinte de coller as vacacións os nenos e acababámolo o día anterior a comezar as clases pero vostedes soamente o fan en xullo e agosto e eses días de xuño e setembro que os nenos están de vacacións que, e nos pobos soamente no mes de xullo, en fin, voulle repetir a pregunta, de onde van sacar tantos monitores?, ou é que van a externalizar o servizo?, iso que tanto se fartaron de criticar cando se contrataba os servizos de empresas privadas onde di digo, digo Diego, non si?. Sabemos do campamento multideporte que non é nada inventado por vostedes do campamentos urbano que tampouco o percorreron vostedes e do campamento rural, e o campamento de verán, o campamento o que van os nenos á praia non vimos nada este ano dese campamento que é



o que máis lles gusta ós cativos porque vivir no interior valoran moito esa semana que pasan na praia xa que moitos deles non teñen a sorte de poder ir. Díganos que pasa con ese campamento de verán na praia. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a Conselleira a señora Marga Pérez.

A sra. Pérez toma a palabra: Vou intentar contestar un pouco a todas as preguntas. En canto ó horario señor Padrón nós baseámonos un pouco no horario dos campamento que se estaban facendo nas distintas asociacións que viña sendo de 10 a 13 horas, entón optamos por ese horario porque xa que funcionaban anteriormente ese horario e estaba ben axeitado e lles parecía así ben ás asociacións nós, aparecerán nas bases reguladoras este horario. Logo en canto ó prezo pon aí 25 pero non rematan mensual pero os custes están feitos todos en base a unha mensuralidade, entón os 25€ sería o prezo que se pagaría por mes e por neno, e porque este prezo pois ó mellor tamén é caro non o sei. Tamén valoramos que prezo estaban pagando os pais nos pobos cando levaban os seus nenos a eses campamentos que se organizaban e o prezo era de 50€ por neno ó mes entón este ano se teñen a oportunidade de pagar 25 creo que é un prezo máis alcanzable do que viñan pagando loxicamente. En canto á relación de monitores pois o primeiro que se fixo foi falar con cada unha das asociacións con cada unha e valorar se existía unha demanda, se habería un grupo de nenos que completase ese campamento para formar ese campamento, entón, sabemos en onde non porque xa nolo din que non hai nenos suficiente nin en xullo nin en agosto e sabemos onde si, entón estimando ese número de campamentos que sería probable porque este informe financeiro fíxose en base a custos probables a unha probabilidade non é a racha táboa e con número exactos, entón por iso se definiu ese número de monitores, e non sei que máis me preguntaron, de externalizar o servizo pois si, vamos a ter que contar con monitores externos loxicamente, pero parécenos iso máis interesante externalizar o servizo das oportunidades a todos os pobos para que teñan un campamento rural e non todas as actividades se fagan sempre en A Valenzá porque iso tamén era unha demanda dos pobos que se descentralizara todas as actividades que se fan en A Valenzá e que se levaran ós pobos. Creo que non me esquezo nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós estamos de acordo en que se leven estas actividades ós pobos, e o prezo tamén estamos de acordo que se viña cobrando e tamén nos campamentos urbanos que hai en A Valenzá, tamén porque A Valenzá xa é, os que van haber en A Valenzá xa vai haber un tríptico con todas as bases e toda a información e tamén o prezo é o mesmo. O que si eu falaba polo tema do, eu



quería falar polo tema da hora de entrada referíame máis que nada ó xa que nos pobos vai a ser no mes de xuño se alguén dos pobos quere ir ó campamento urbano de A Valenzá de agosto pois se os pais traballan entran ás 8 da mañá e non poden deixar ós nenos ás 9:30 teñen algunha dificultade para poder acceder a ese campamento de agosto, se é que o desexan, entón ou o tema do horario ía nese sentido non nos pobos, está claro que nos pobos está ben a esa hora porque suponse que os nenos que se van a apuntar son os do propio pobo, entón pois algunha maneira teñen a casa preto do local social, ou do campo da festa onde se realiza o campamento, e poderán asistir pois acompañados dun avó ou ter unha idade 12 ou 13 anos, ou 14 incluso indo sós, entón ía nese sentido. Nada máis, que si, que se houbera traído antes o tema das bases e nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Nós estamos de acordo en que nos pobos se faga o mesmo que se fai en A Valenzá obviamente, non pode haber diferenzas de A Valenzá ós pobos do Concello, o que si é volvo a repetir non dixeran que foran caros, simplemente eu para valorar se unha cousa é cara ou barata teño que ver unhas bases, entón como norma na miña vida non teño non aprobar nada que non teña claro o que no me manden antes unhas bases entón síntoo moito que ó mellor é unha boa idea pero empecen como dixo a señora Secretaria polo menos o mesmo día que nos presenten as bases aprobalo, vale, pero, polo menos ter toda a información eu dende logo nós e a miña compañeira non imos aprobar nada sen unhas bases. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra: Todo isto do campamento rural a nós parécenos que chega tarde porque moitos dos pais xa hoxe empezou o prazo na Casa de Xuventude para apuntalos ó campamento urbano e sabemos de pais de pobos que os están anotando porque non saben se vai saír ou non vai saír isto, entón eu o que penso e os meus compañeiros faise tarde e mal quédase ben, ofértase, quédase ben, e ó final en poucos pobos se fará senón ó tempo verémolo. Gustaríanos saber tamén o nome da empresa que se vai encargar destes monitores e se se van a ser soamente os monitores que se van a contratar os que van ir os pobos e ou tamén á Casa da Xuventude porque estamos tamén con outro campamento na Casa da Xuventude compren 6 monitores para atender ós 60 nenos que vai haber. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Marga Pérez. Non corresponde xa quenda de palabra, non máis quendas, se quere pode preguntar despois, ou pode preguntalo por escrito para outra ocasión. Polo tanto votos a favor, abstencións



Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG e as abstencións de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Aprobación do prezo público do Campamento rural de verán”**

6- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AOS CONTEDORES DE BASURA.

O sr. Alcalde toma a palabra: A seguinte moción, agora pasamos ás mocións, moción de Democracia Ourensana relativa aos contedores de lixo. Ten a palabra a señora voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu en diferentes ocasións falei con dous concelleiros de aquí, dicindo que tiña moitas queixas que había veciños dicíndome que había zonas que non chegaban os contedores de lixo, e eu pois informeilles para que en algún punto informeilles para que o levaran e ante , vendo que non se me fixo caso e a xente ségueme insistindo pois por iso pois metemos esta moción, porque haber se queda por escrito e reflectida se fan un pouco máis de caso, porque o outro día na Comisión Informativa a señora Victoria Morenza díxome que os veciños se non teñen suficientes contedores que veñan aquí que fagan un escrito e que os pidan, díxome iso, palabras dela, e eu señora Victoria penso que as cousas non se fan así, mire os veciños non teñen que estar ó servizo do Concello, non teñen que vir aquí facer escritos nin pedir nada, o Concello temos que estar ó servizo dos veciños, do pobo, entón eu penso que non lles costa tanto porque a día de hoxe aínda non entendo quen leva isto, se o señor Rafael ou a señora Victoria porque falo con un, falan os dous do mesmo e ó final non se fai nada, pero penso que non é tan difícil ir ás zonas de maior poboación e mirar se fai falta e poñer máis porque non só son de materia orgánica, senón tamén hai que poñer de vidro e de cartón e non mo dixon unha soa persoa, ou sexa, eu non fago unha moción por unha queixa dun veciño, fago mocións por queixas bastantes queixas de veciños, eu o outro día pregunteille se quería que lle fixera un listado das zonas que lle fan falta máis contedores ía facelo non, porque mire ese é o seu traballo sábeo, traballo seu e de Rafael, traballo seu porque quen goberna é vostede, entón ide ós sitios mirade e analizade e facede as cousas porque mira agora chega o verán e a veces nos pobos hai máis xente que no inverno, entón nalgúns sitios hai bolsas de lixo fóra dos contedores poden ir animais, gatos ou cans, espárexela e iso é antihixiénico, antiestético e anti todo, ou sexa que estamos nunha era moderna e que non teñamos cubos de lixo é algo tan primario e tan triste, entón señora Victoria faga o seu traballo, diríxome a vostede porque o outro día na Comisión Informativa foi vostede a que me



informou, entón faga o seu traballo, vaia ós diferentes puntos e mire que a xente non ande quilómetros, quilómetros non pero centos de metros para levar o lixo da súa casa porque hai xente eu supoño que a xente toda do Concello paga os seus impostos aquí como ten que ser, pois se pagamos os impostos tamén temos os nosos dereitos, e os nosos dereitos e os nosos dereitos de que nos recollan o lixo non ter que andar trescentos ou catrocentos metros como lle pasa a algunha persoa. Nada, e dicirlle que xa está ben de tantos escritos que se movan o cu e que empecen os políticos a mirar polos veciños e non os veciños polos políticos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular. Perdón Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Si nós estamos de acordo con reclamar máis contedores de lixo, de cartón, sobre todo e de vidro, porque de materia orgánica e de plásticos pois vamos bastante ben. Quero dicir aquí nós témoslle trasladado á Conselleira cando nos fan unha demanda de onde falta un contedor e vemos que se ten preocupado polo tema e temos colocados faltan aínda algúns sobre todo de cartón e os de vidro que non sei porque son máis caros ou polo que sexa, e esperemos que os coloquen como trae aquí na moción Democracia Ourenzana. En todo caso nós no anterior Pleno trouxemos unha moción sobre un punto limpo, e que tamén englobaba a todo o tema do lixo, e sobre todo en facer un plan de concienciación de reciclaxe, aquela moción non puido ser moi debatida porque houbo aquí un enzarzamento como hai moitas veces e ó final chegamos a unha hora que xa non había tempo para debatela como se merecía esa moción, porque cremos que é moi importante falar do tema da reciclaxe sobre todo da concienciación da cidadanía e a parte de que hai que poñer máis contedores está claro, e tamén do tema do punto limpo e quero dicir que traeremos esa moción noutro Pleno, porque queremos que se debater sobre ela queremos que se pode facer un punto limpo entre os Concellos de Barbadás e Toén que engloba unha poboación bastante grande duns 17, 18 mil habitantes e creo que sería necesario e xa digo volveremos a traer esa moción para que se debate como é debido se se vota en contra pois vótase en contra pero non de calquera maneira como se fixo aquel día. Digo que esa é a nosa proposta porque Barbadás e Toén abrázanse por todos os lados dende Loiro ata Piñor entón sería moi interesante facer un punto limpo entre os dous Concellos e non como se propuxo aquí levalo ó Polígono que a nós o Polígono quédanos moi lonxe, iso que teñen Ourense e Pereiro e o Polígono teñen alí e poboación suficiente para ter un punto limpo, nós reclamamos un punto limpo para a zona de aquí Barbadás e Toén incluso quen ten unha entrada á autovía por Alongos que incluso podía sumar algún concello máis do outro lado do río, como pode ser Cenlle, ou Punxín.



Traeremos outra vez esta moción, parécenos axeitado isto seguir reclamando contedores, e tamén sobre todo nos pobos eses contedores que están todos xuntos xa non digo tanto nas rúas, nos cruceiros, que hai un contedor para 5 ou 6 casa ou 7 que é un contedor de orgánicos e de aí non se van poñer van ter catro ou cinco contedores está claro que os vidro, e de cartón teñen que estar en sitios puntuais en zonas onde máis ou menos está toda a poboación e o que si que máis adiante reclamaremos que eses contedores que están todos xuntos que sobre todo están nos campos da festa ou no medio dos pobos que se, eu non sei se vistes en Allaríz que se lle fai que se lle puxo unha especie dunha rexilla por fóra que tapa un pouco e os contedores e mellora un pouco o entorno, xa digo nesas zonas onde máis, onde está no centro dos pobos, está un pouco máis coidado e hai máis habitantes xuntos e da unha imaxe mellor, entón sería unha proposta para iso. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Totalmente de acordo coa moción que presentan hoxe as compañeiras de Democracia Ourensana, dende logo de pouco vale que inculquemos nos veciños e nas veciñas valores como é reciclado e a selección de diferentes materiais se despois non os dotamos de medios e vasmos permitir Fina que colla un pouco a túa expresión hai que levantar o cu do sitio da igual Victoria que Rafa, hai que levantar o cu do sitio moverse deixarse de sacar unha foto debaixo dunha farola ou ler o periódico polas mañás no Concello, non fai falta que os veciños veñan aquí a dicirnos que necesitan uns contedores nun sitio ou noutro, tédelo que saber porque vostedes polos pobos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Aclarar que eu son Concelleira de servizos, a Concellería de servizos inclúe recollida de lixo, subministro de auga potable, servizo de saneamento, e servizo de iluminación pública, polo tanto, é unha área que pertence á Concellería da que me encargo. O incremento de colectores de recollida de lixo foi unha constante ó longo dos últimos meses, ten quedado demostrado fíxose un esforzo económico importante adquirindo dous colectores de papel en lugares onde foi solicitado xa hai anos e na zona Froiz e nas inmediacións do Colexio Luís Vives, gastáronse preto de 3.000 € na adquisición deste tipo de colectores que non paga ningún institución e tivémolos que asumir cos erarios públicos, respecto ós colectores amarelos envases e plásticos que si os facilita a empresa existe dende o minuto cero unha involucración do goberno para mellorar o servizo non só de concienciar á veciñanza na separación do lixo en orixe e senón tamén para diminuír o número de quilos de lixo xenérico que se deposita no colector verde. A práctica



demonstra que o aumento de colectores amarelos contribúe a concienciar á poboación e reducir o número de quilos de lixo convencional en aras de aumentar o lixo que se reutiliza, polo cal a este goberno interésalle moito incrementar o número de colectores amarelos e reducir así tamén a factura que pagamos a SOGAMA. Pois ben, en recollida selectiva colocáronse nos últimos meses, nove colectores amarelos, en Piñor, Valenzá, Bentraces, Parada, Santa Uxía onde non había ningún, durante anos este pobo estivo abandonado sen ningún tipo de colector amarelo, demos moitos pasos neste sentido, seguiremos nos vindeiros meses atendendo as peticións da veciñanza, tamén se colocaron colectores verdes en As Lamas, en Loiro, en A Valenzá, en Piñor, e en Parada algún deles solicitado pola Concelleira de Democracia Ourensana pediuse a ecovidro a instalación dun colector nun punto estratéxico na avenida de Celanova debido á demanda que existía nesa zona por parte da veciñanza un colector que está tendo moito éxito segundo a propia empresa, en suma, está claro e de demostrado que tratamos de atender todas e cada unha das peticións recibidas tanto telefonicamente como a través de solicitudes por escrito, evidentemente a fórmula de solicitar un colector por escrito ou solicitar un punto de luz por escrito o unha papeleira por escrito é unha fórmula máis, evidentemente atendemos continuamente chamadas neste sentido e son atendidas na medida das nosas posibilidades. Temos constancia de que hai que colocar un colector de vidro en Loiro tal e como nos fixo no seu día chegar a Concelleira de Democracia Ourensana estámolo tramitando evidentemente eses colectores ou ben os pon a empresas ou ben os teriamos que comprar. E tamén temos constancia de que se necesita un colector de vidro na zona antiga de Barbadás, de Barbadás pobo, estamos facendo as xestións pertinentes para instalalos sabemos que se necesitan máis colectores amarelos, estamos traballando neste sentido hai uns días presentámoslle unha listaxe á empresa de novos colectores que se necesitan a empresa GESECO tanto amarelos como verdes e co tema dos colectores de cartón e máis complicado porque temos que pagalos coas arcas en base con cargo ás arcas municipais. Evidentemente seguiremos traballando agora mesmo temos 37 colectores de vidro e 38 de papel e pretendemos aumentalos nos vindeiros meses, por suposto sempre atendendo ás peticións da veciñanza e vendo as necesidades nós fisicamente nos lugares nos que nos manchamos os pes de barro como fixemos sempre ou ben telefonicamente ou ben vía correo electrónico ou ben vía watshapp evidentemente as peticións atendémolas de todos os xeitos posibles intentando abranguer todo, tamén lle anunciamos que vamos a poñer en marcha a instalar colector de pilas, tamén que era unha demanda que xa viña sendo reclamada pola veciñanza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas



A sra. Varelas toma a palabra: Eu quería preguntarlle á señora Concelleira que hai dous veciños do Concello de Barbadás que teñen que ir ó Concello de San Cibrao de Viñas a botar o seu lixo porque o ten moito máis cerca que o do Concello de Barbadás, vostede cre que é lóxico?. Vamos ter que empezar a pagar os impostos en San Cibrao eu unha delas. grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Tras explicacións da Concelleira Victoria Morenza pois máis do mesmo si vamos facer, estamos niso, pero as cousas están sen facer, esa é a realidade e o que palpamos na rúa. Vamos a ver eu falaba dos contedores de reciclaxe de pilas xa hai moito tempo que existía nos diferentes locais sociais unha vez que os enchían nas asociacións chamaban ó Concello e unha empresa pasaba a recollelos, ben en canto ó que comentaba o señor Padrón de que claro que nos pomos aquí con debate e que terminamos ás tantas sabe por que rematamos ás tantas señor Padrón?, porque vostede e a quen lles está dando apoio así o queren por empezar os Plenos a estas horas, entón non se escuse. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria

A sra. Morenza toma a palabra: Ós feitos me remito que colocamos colectores o último aínda non fixo un ano, colectores por todos os recunchos do Concello de Barbadás, os colectores de pilas que nós pretendemos instalar son colectores independentes, individuais non son unhas caixas de cartón que logo ninguén recolle, e a señora Fina Varelas non sei canto tempo hai que vai por Loiro, que non vai por Loiro porque un colector foi colocado hai uns días en Loiro preto da zona para que vostede reclamou, foi colocado un colector xenérico ou venres pasado creo recordar entón, cerca da zona onde vostede vive, cerca da zona onde vostede reside. Eu só aclarei que venres colocáronse tres colectores en diferentes puntos do municipio que foron solicitados por diferentes persoas, é o único que dixen, unha verdade como un templo e teño fotos para testemuñar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematou, moitas grazas. Estamos xa foros as dúas quendas de intervención, votos a favor da moción. Votos a favor.

Sen máis sométese a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción de Democracia Ourensana relativa aos contedores de lixo: En primeiro lugar colocar máis contedores de recollida nos sitios de maior poboación, e en segundo lugar e en último lugar, ditos contedores teñen que ser de vidro, cartón e material orgánico ”**



7- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO DE APOIO ÁS FAMILIAS CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE MAIORES DE 21 ANOS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Seguinte punto da orde do día é a moción do Grupo Mixto de apoio ás familias con persoas con discapacidade maiores de 21 anos, ten a palabra o seu relator que é o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Rapidamente dicir quedouse en as alusións pedirlle ó Alcalde se se podía responder por alusións, quedamos na Xunta de voceiros que era o Alcalde o que daba permiso para contestar ou non, non?. Quedouse niso. Como esta moción xa viña no anterior Pleno esta xa nin se puido nin debater, e dicirlle ó señor Manuel que, voulle dicir que mire na última Xunta de Voceiros vostedes non propuxeron de cambiar a hora do Pleno tampouco entón se querían cambiar, agora voulle dicir unha cousa, voulle dicir unha cousa eu prefiro ter o Pleno ás sete e media da tarde aínda que votemos aquí ata as 12 porque polo menos non perdo tempo de traballar, porque sei que si vimos ás dez da mañás ou ás dúas da tarde, vamos a estar aquí igual toda a tarde porque seguramente se enzarzarán nalgunha historia e ó final estaremos igual catro horas, entón aínda encima de estar catro horas eu sonlle autónomo e perdo tempo de traballar e así de sete e media a doce aínda que teña que estar ata as doce non me costa nada, como se hai que estar ata a unha ou dúas da mañá non teño problema ningún, digo que non teño problema ningún o que pasa é que pasa é que legalmente seica ás doce acaba o Pleno hai que marchar.

Estamos moción non a puiden defender e unha demanda que traermos ó Concello para instar á Xunta que está claro que ten a competencia pero este colectivo pídeo e xa digo eu non me puxen en contacto con ninguén do colectivo simplemente chegou ás miñas mans un folleto deste colectivo ningunha persoa, firmeino, lin o proxecto parécenos a demanda xusta e informámonos claramente de que isto estano facendo moitos, en moitos puntos de Ourense para que se lle de o apoio. En definitiva é unha moción de apoio ás familias con persoas con discapacidade de maiores de 21 anos. A Plataforma PROCAPOURENSE engloba ás familias que teñen dentro dos seus membros algunha persoa con discapacidade que pode ser de moitos tipos (motórica, psíquica...), enfermidades raras, con síndromes, trastornos de conduta, etc. Estas persoas precisan dunha atención de 24 horas completas e ás veces duplicase e intensifícase cando ós seus pais e nais lles toca desenrolar múltiples papeis: son pais, cuidadores, educadores, amigos, compañeiros de xogos, diplomados en dar masaxes, estiramientos e coidar as posturas, en técnicas de deglutición e alimentación e licenciados en tratamentos sanitarios por que eles o precisan. Como sociedade debemos ter a seguridade que todas as



persoas poden desenvolver a súa vida con dignidade, o que ás veces require recursos moi específicos. Ourense é a única provincia galega que non dispón dun centro público asistencial e con xestión pública para persoas con discapacidade maiores de 21 anos. Estas familias precisan de prazas residenciais en Ourense para que os seus fillos poidan vivir cando eles non estean, e que sexa centro de día para ser incluídos na sociedade e á súa vez facilitar os pais e nais un respiro familiar. Por iso os acordos que traemos ó Pleno son: 1.- Instar á Xunta de Galicia á creación inmediata un centro público asistencial e con xestión pública en Ourense para persoas con discapacidade maiores de 21 anos. E segundo instar ao grupo de goberno municipal a valorar a posibilidade de que este centro se ubique no noso concello, dada a súa proximidade a Ourense, iniciando contactos coa Xunta de Galicia neste senso. Hai dúas emendas do Partido Popular non sei se, e outra do grupo de goberno sobre este tema, dicir que a día de hoxe parece que hai pasos dados pola Xunta neste tema pero non hai nada concreto a emenda, non sei se leu as emendas, a emenda do Partido Popular di “que se substitúa os acordos por seguir levando a cabo as actuacións e os trámites que se están desenvolvendo para iniciar a licitación no ano 2016 do novo centro público de atención a persoas con discapacidade de Ourense, e seguir desenvolvendo en anos posteriores as seguintes fases para que o centro público de atención a persoas con discapacidade de Ourense sexa un centro referente en toda Galicia. A segunda aínda non existe e di iniciar a licitación eu preguntome hai orzamento, se se inicia a licitación é porque está orzamentado, porque o primeiro paso, o primeiro paso é que haxa orzamento e nós a día de hoxe non temos noticias de que haxa orzamentos, hai un anuncio e seica nos xornais de que se van dar pasos nese sentido igual que hai un anuncio de que se vai poñer en marcha o transporte metropolitano, aquí non hai nada aínda fixo de que o haxa hai terreos para o tema do centro público e logo despois a outra tamén di “que o Consello da Xunta de Galicia lle dea inicio de xeito inmediato, a do grupo de goberno, ao correspondente expediente para dotar de consignación orzamentaria ao comprometido polo Conselleiro de Política social.”

O sr. Alcalde toma a palabra: Remataron os cinco minutos, interveña na segunda quenda. Grazas. Señora Fina Varelas

A sra. Varelas toma a palabra: Eu aquí estou un pouco perdida, vamos a ver estamos misturando Barbadás con Ourense entón quero non o tomen a mal quero que me explique señor Padrón vostede que quere o centro en Barbadás, ou na provincia, na provincia xa está aprobado en Ourense, xa está aprobado eu a últimas noticias que teño é que xa está aprobado entón, xa está aprobado pois non entendo esta moción, ó mellor presentouna antes de que o aprobaran, non sei, cando saíu aprobado



isto?, porque claro, é que vamos a ver unha cousa é o Concello de Barbadás, e outra cousa é o Concello de Ourense, se vostede pide para Barbadás xa lle digo que é inviable, o de Ourense xa está aprobado, entón realmente non sei o que estamos debatendo se xa é algo aprobado, non sei dende que día, pero na prensa saíu que xa estaba, aquí estalle cas firmas, entón, pois entón é que non ten, eu a ver simplemente facerlle a pregunta porque claro é que non é mesmo traelo para o Concello de Barbadás ou para o Concello de Ourense, pero o do Concello de Ourense ou sexa que nós non vamos a facer nada, se está aprobado aprobado está, ou sexa que vamos andar votando que, paréceme a min. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Voulle responder eu á dona Fina Varelas penso que xa que dubida que ten, e a don Ramón dicirle que ben sabe vostede que eu o quero ben e o que lle vou dicir non o tome a mal coma sempre, pero pégaselle o problema que ten o bipartito de Barbadás chega tarde a todos os sitios, capacidade de xestión mala, isto xa saíu publicado o 20 de maio que é a noticia se pode ver en medios de comunicación, xa está aprobado e de aí o motivo da nosa emenda de substitución. Esta emenda que nós propoñemos vai dirixida ó Grupo Mixto, para a moción do Grupo Mixto para apoio ás familias con persoas con discapacidade maiores de 21 anos, nós propoñemos o cambio para instar á Consellería de Política Social a seguir levando a cabo as actuacións e os trámites que están desenvolvendo para iniciar a licitación no ano 2016 do novo centro público de atención a persoas con discapacidade de Ourense, e en segundo lugar seguir desenvolvendo en anos posteriores as seguintes fases para que o centro público de atención a persoas con discapacidade de Ourense sexa un centro referente en todo Galicia. A Consellería de Política Social dende o primeiro momento preocupouse por este tema para que fose unha realidade, proba diso son as diferentes reunións que mantivo o Conselleiro con representantes do pais e nais do centro para estudar a posible situación do mesmo e ver as necesidades e demandas existentes. Nesas reunións o Conselleiro comprometeuse a primeiro Ourense contará cun centro para persoas con discapacidade, segundo o dito centro que fora xestionado publicamente, terceiro que se realizaran diferentes fases para que o centro fora de referencia a nivel galego, e en cuarto lugar que no ano 2016 se licitara o proxecto de construción do novo centro. Nesas reunións acordouse que o novo edificio realizaríase na parcela onde se atopa o antigo colexio de Mariñamansa e que contaría con 48 prazas nunha primeira fase polo tanto, unha vez máis a Xunta de Galicia volve a demostrar con feitos e non con palabras o seu compromiso coas familias ourensanas, así o consello da Xunta de Galicia no 19 de maio aprobou o orzamento para que Ourense conte cun centro pública para persoas con discapacidade hai 45.000 € para a realización do proxecto e 750.000€



para a construción do cento, así nestes momentos a licitación do proxecto construtivo do CAPD de Ourense atópase en fase de contratación para comezar a súa redacción. Este é froito do bo traballo de xestión do goberno de Núñez Feijóo todos estes anos cumprindo coas súas obrigas no que atinxe ó déficit público, por iso agora podemos devolverlle o esforzo que realizaron os galegos e as galegas nas épocas máis duras en forma de mellores servizos, e infraestruturas e inversións tan necesarias e tan demandadas. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Sarín.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Boas tardes a todas e a todos. Dende o equipo de goberno de Barbadás somos conscientes efectivamente do enorme traballo que teñen levado adiante as familias que teñen os fillos e as súas fillas nesta situación, non CEE de Velle, no centro de educación especial de Velle que sendo hoxe usuarios deste centro dependente da Consellería de educación e que visualizan un futuro incerto para a súa familia para a súa xente neste caso, xa que neste tempo só se permite co ben se comentou a escolarización ata a idade de 21 anos. Este colectivo de pais e nais por outra banda xa se reuniron no seu momento tamén en Compostela co representante dos distintos grupos parlamentarios para que asumiran as súas reivindicacións algo que entendo que efectivamente pois se fixo practicamente por unanimidade tamén no Parlamento e para que son como non poder ser doutra maneira a concreción dun centro público asistencial de xestión pública en Ourense, e digo de xestión público porque os centros públicos existentes neste País son en Sarria que conta con 120 prazas, en Capela (Redondela) tamén con 120 praza, en A Coruña hai outro con 80 prazas, en Ferrol hai dous centros que foron de xestión de pública durante o goberno de coalición de PSOE-BNG pero que hoxe son de xestión privada, con 68 e 25 prazas, ese é o seu traballo político de xestión a favor do público evidentemente, foi público con nós e hoxe é xestión privada, que iso é o que en definitiva as familias non queren, queren que efectivamente sexa un centro público de xestión público que é o que realmente funciona o público servizo privada beneficio que a súa xestión o seu traballo, e a maiores o INSERSO posúe dous centros 110 e 85 prazas en Ferrol e Bergondo, queda claro que Ourense fica ausente, segue ausente, hai familias que levan 4 anos agardando por unha praza nestes centros públicos tendo que levar ó seu fillo ou filla a unha provincia distinta co correspondente desarraigo que isto supón, as familias que hoxe teñen os seus fillos no CEE Miño de Velle teñen que constituída unha plataforma como se refire na moción do Grupo Mixto e é para a defender os seus intereses recollendo máis de 50.000 sinaturas para reclamar este centro na cidade, na Deputación de Ourense teñen defendido mocións neste sentido meramente o noso grupo político ten defendido mocións neste



sentido que foron aprobadas por unanimidade, este colectivo de pais en nais tense reunido en varias ocasións co Conselleiro de Política Social e comprometeuse verbalmente a que este centro se faría na Farixa en Ourense, ben como vostede dixo, os pais e nais queren que este centro sexa de xestión pública xa que un dos problemas como antes dixen manifestan que non queren que suceda o mesmo que no Ferrol no que existen edificios públicos pero de xestión privada, ademais lle pediron ó Conselleiro que viñera especificamente a anunciarlo aquí a Ourense, vostedes falan de que hai un orzamento, de que hai diñeiro xa para o proxecto, eu dubido que efectivamente moitos disto sexa así polo tanto estando de acordo co sentido da moción propomos unha emenda no segundo acordo da moción, para reubicar ese novo CAPD xa que, perdón para reubicar ese novo CAPD en Barbadás tal e como di o segundo acordo da moción instar ó grupo de goberno para que exista a posibilidade de estudar de que este centro se sitúe aquí iso atrasaría esta cuestión evidentemente moitos anos, dada a imposibilidade de ofertar terreos para esta cuestión e tendo en conta como dixen anteriormente que hai un compromiso específico xa de que se faga en Ourense o compromiso que tivo o Conselleiro coas familias afectadas polo tanto non nos parece de recibo a estas alturas xa, este acordo, por tanto propomos como xa levamos na Comisión Informativa unha emenda ó segundo acordo da moción que diría que o segundo acordo que o Consello da Xunta de Galicia lle dea inicio de xeito inmediato ao correspondente expediente para dotar de consignación orzamentaria ao comprometido polo Conselleiro de Política Social de posta en marcha do Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade (CAPD) de xestión pública en Ourense para que este sexa unha realidade en 2017.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O señor Ramón Padrón ten a palabra, ademais debe indicar se acepta as diversas emendas que se presentaron a súa moción.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós non vamos a entrar en consideracións políticas aquí de partidos e que non saía a moción, aceptamos a emenda de substitución do PP e a emenda de substitución do grupo de goberno, queremos dicir que a moción nós presentámola ó anterior Pleno que foi antes do anuncio que fixo na prensa o Conselleiro, presentámola no anterior Pleno que foi cando despois fíxose o anuncio na prensa, está claro que o segundo punto xa queda fóra de sentido porque unha vez que xa se decide que vai ir alí no sitio este de A Farixa, dicirille a Fina que nós senón un sitio onde situalo isto é un centro para a provincia non é un centro para un Concello específico, entón se Barbadás pode deixar uns terreos para que se sitúe un centro destes que é para toda a provincia pois viría máis vida para o noso Concello e máis vida para o noso Concello, máis importancia, non?, aparte ó estar ó lado de Ourense entón ese era o sentido, está claro que o segundo punto non ten, unha vez que a Xunta



decide facelo alí, e responderlle ó señor Manuel do Partido Popular que vostede na súa intervención recorde que utilizou a palabra comprometeuse, comprometeuse non significa firmou, licitou, orzamento, entón oxalá nós aceptamos a emenda sen ningún problema xa lle digo o importante de aquí salga por unanimidade e apoiar a esta xente para que a Xunta saiba que hai un Concello limítrofe con Ourense que apoia a este colectivo e coas emendas incluso dos outros partidos, entón que saia por unanimidade, pero como dixen como no tema do transporte metropolitano oxalá que a licitación se licite neste ano e se empecen as obras que o que están desexando todo o mundo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: As dúbidas quedáronme aclaradas o señor Ramón non quere dicir o Concello de Barbadás e é certo o que dixo que a moción del presentouna antes da fecha que ven do anterior Pleno, nada, case mentres que presenta o goberno que presenta o Partido Popular nós vamos a votar a favor sen emendas a moción non ten moito sentido a estas alturas. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Non sei, ó mellor é que falei moi rápido ou falei moi baixo ou non se entende, ou non se atende ou a ver cal é a explicación, eu dixen claramente que nesa reunión se acordou que o novo edificio realizaríase na parcela onde se atopa o antigo colexio de Mariñamansa que contaría con 48 prazas nunha primeira fase, despois sae a noticia con data do 20 que a ensinei xa no seu momento data 20 de maio de 2016 onde se ve vía libre do centro de adultos de discapacitados na cidade, “el Consello da Xunta aprobó la financiación de la primera (leo textualmente en castelán permítaseme a licenza) el Consello da Xunta aprobó la financiación de la primera fase con unha inversión de 800.000 €”, e vese o señor Rey Varela e o Alcalde de Ourense firmando, non sei se é que chegamos tarde a todas partes como sempre ou é que o goberno de aquí non se decata. Fala por outra banda o señor Sarín de xestión pública pero claro á hora de dar exemplos estamos vendo a cotío que en Barbadás que están a gobernar vostedes externalizan todo cada día máis cousas, cando estamos na oposición é un conto, cando estamos no goberno cámbiache o conto, vamos non son afirmacións gratuítas, lemos as actas, se queren tráíollas que saben que eu son experto en revisar as actas en traelas aquí punto por punto, non hai problema ningún é un traballo de labor que fago encantado. Por último dicir que chegan tarde igual que o tema do centro de saúde, cando xa está licitando, está aprobado e tal volvemos aquí co rolo de tal a ver para quedar ben para saír en moción que nos fan, esas si que nos fan perder o tempo don Ramón esas moción, e esa como algunha que veu o outro día que non vou



mencionar aquí de momento que non fai falta, son as que nos fan perder o tempo xa do pouco que temos de empezar ás tantas, e ás quimbambas que a ver onde está a compatibilidade da vida laboral-familiar, a ver onde esta señora Concelleira embarazada chega ás 12 a casa os días, os que temos cativos pequenos que pasa con ese tema e vostede aínda que acaba ás dúas da tarde se se levanta ás 8 da mañá ou ás 7 da mañá que se ten que levantar para empezar a súa xornada e os demais tamén, non sei se estará moi lúcido non sei o que renderá quería velo na obra. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Sarín Núñez por favor.

O sr. Núñez toma a palabra: Con respecto á intervención do Partido Popular fala das externalizacións, evidentemente a ver hai que externalizar cando efectivamente hai cuestións que dende o equipo de traballo que temos no Concello pois evidentemente non podemos, pero non podemos sacar en cada momento ás veces evidentemente hai que proceder a unha externalización, pero aquí o que estamos falando do sentido da moción é que o centro sexa público e que sexa de xestión público algo que os pais e as nais desta plataforma queren e algo que queren que efectivamente sexa recoñecido tamén polo Conselleiro e que efectivamente a Xunta faga este traballo así porque o risco que temos é que efectivamente volvamos o que dixeran antes, aos centros onde no seu día cando gobernando o PSOE e o Bloque na Xunta e despois con vostedes pasaron a ser privados entón contra iso o que queremos acordos claros específicos e por iso vai este segundo acordo na nosa moción que vai nesa liña. Despois xa por non entrar en máis cuestións pero falan dos tempos de perder o tempo, para perder o tempo e para tal o que hai é que regular os debates e falar cando hai que falar, tomar as notas que hai que tomar e non interromper e falar cando toca na quenda que toca, e así deixa de ser un batiburrillo e axilizamos evidentemente moito máis, o que pasa é que se nos da por falar como se estiveramos unha taberna pois así nos das as doce e nos dan as dúas evidentemente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Serafín Núñez. É a quenda da votación, hai que votar as emendas por separado. O señor Ramón aceptou as dúas emendas presentar polo tanto hai que votar por separado estas emendas a parte da moción. Votos a favor da emenda do Partido Popular. Vostede retirou o segundo punto da moción, si?, correcto. Votos a favor da emenda do Partido Popular. Agora vótase entón a segunda emenda que é a do Grupo de goberno, votos a favor. Agora pasamos á votación da moción que quedaría co primeiro punto da moción inicial, as emendas do Partido Popular e a emenda do Grupo de goberno, votos a favor.

Sen máis sométese a votación a emenda presentada polo Partido Popular resultando aprobada por unanimidade **“1- Seguir levando a cabo as actuacións e os trámites que están desenvolvendo para**



iniciar a licitación no ano 2016 do novo Centro público de Atención a persoas con discapacidade de Ourense. 2- Seguir desenvolvendo en anos posteriores as seguintes fases para que o Centro público de Atención a persoas con discapacidade de Ourense sexa un centro referente en toda Galicia”

Sen máis sométese a votación a emenda presentada polo Grupo de goberno resultando aprobada cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourenzana e Grupo Mixto e a abstención de PP: “Que o Consello da Xunta de Galicia lle dea inicio, de xeito inmediato, ao correspondente expediente para dotar de consignación orzamentaria ao comprometido polo Conselleiro de Política Social de posta en marcha do Centro de Atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de xestión pública en Ourense para que este sexa unha realidade en 2017.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “Moción do Grupo Mixto de apoio ás familias con persoas con discapacidade maiores de 21 anos: 1.- Instar á Xunta de Galicia á creación inmediata un centro público asistencial e con xestión pública en Ourense para persoas con discapacidade maiores de 21 anos. 2- Seguir levando a cabo as actuacións e os trámites que están desenvolvendo para iniciar a licitación no ano 2016 do novo Centro público de Atención a persoas con discapacidade de Ourense. 3- Seguir desenvolvendo en anos posteriores as seguintes fases para que o Centro público de Atención a persoas con discapacidade de Ourense sexa un centro referente en toda Galicia. 4- “Que o Consello da Xunta de Galicia lle dea inicio, de xeito inmediato, ao correspondente expediente para dotar de consignación orzamentaria ao comprometido polo Conselleiro de Política Social de posta en marcha do Centro de Atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de xestión pública en Ourense para que este sexa unha realidade en 2017.”

8- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA O DESENVOLVEMENTO DE INVERSIÓNS NA FINCA FIERRO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceira ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Boas tardes de novo. Non anterior Pleno do mes de maio debateuse o informe económica-financeiro que se enviou á Xunta de Galicia para poder utilizar o remanente de tesourería que o Partido Popular deixou ó novo Grupo de goberno arredor de 959.000 €, máis o remanente do ano 2015 entorno ós 600.000 €. A intención do Partido Popular de Barbadás é seguir



traballando na liña de aportar ideas ó Grupo de goberno para realizar inversións, xa que o primeiro ano ó fronte do mesmo esqueceuse dunha localidade tan importante no noso municipio como é a Finca Fierro, recollemos as propostas dos veciños e veciñas da zona que nos trasladaron coas principais carencias e necesidades. É máis que evidente o malestar no que se atopa esta zona e o deixamento que sofre a veciñanza onde viven máis de 100 familias, a imaxe que presentan as rúas é lamentable cun asfaltado degradado que xa de paso que deu paso a múltiples fochancas e buratos, ademais existe unha falla de limpeza notable, un alumado con farois fundidas, a zona de xogos dos cativos está chea de maleza mobiliario urbano sen adecentar, e cuberto por herba. Demorar os procesos de mellora pode converterse nun deixamento do Grupo de goberno así por exemplo, primeiro, perdón, temos entre outras cousas varios temas graves na Finca Fierro: primeiro, por detrás da rúa Milladoiro tobogán astillado sobre todo por onde botan a man os cativos, o Concelleiro responsable Rafael Sierra Carril xa foi advertido fai uns dous meses e non fixo absolutamente nada, estivo en persoa el alí, temos xente que nolo transmitiu e testemuñas de sobra, e quedou en arranxalo, missing, segundo falta caucho nos parques, xa saben onde pois vostedes fartáronse de protestar na oposición, entón esperten, xa non están na oposición señores, agora tócalle poñer solucións, pedirlle intervención ó 100% nesa zona, terceiro só limparon por enriba na rúas, como sempre, maquillaxe, por enriba da cara sucia sen lavar, por certo, agradecerlle que hoxe andaron as máquinas a cen, xa nolo comentaron tamén, claro xa non podíamos cambiar a moción, máis do mesmo, dona Fina Varelas, van en liña, a min en cambio non me parece mal se serve para que este Grupo de goberno se poña as pilas benvido sexa, o que vamos a falar coa cidadanía, que nos transmita as súas inquietudes por está visto que antes de que a levemos ó Pleno xa toman medidas para min xenial. Carto, aquela zona segue chea de herba nas beirarrúas, nos fochancas, nos buratos como dixen antes, etc, non vamos facer un relatorio máis polo miúdo. Polo tanto instamos no Concello para que tomen o seguinte acordo: Instar ó grupo de goberno de Barbadás a que se inicien os procesos de investimento que comprometan eses créditos dispoñibles, e que dalgún xeito atendan as necesidades demandadas polos veciños e veciñas da Finca Fierro, e que xa foron comunicadas ó Concello. O habitual nos Concellos é que se non hai cartos, que non se poidan empregar pero neste caso que teñen os cartos ou non poden ou non queren ou lle falta as habilidades para empregarlos. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Para non perder tempo responder a alusións neste tempo que me toca. En primeiro lugar vostede non vai dar leccións a min, nin de familia, nin de fillos, nin de traballo, nin



de nada, iso en primeiro. Entón logo de anuncios firmando acordos aquí anuncios vendo firmando acordos a ministros, conselleiros, de autovías e de cousas para tal ano temos visto os cidadáns, 50 millóns de veces e pasan os anos e non se cumpren os prazos e non pasa nada, non vai ninguén ó cárcere, polo visto non vai ninguén, aínda que salga aí o anuncio, oxalá sexa, xa dixeran como dixeran antes, oxalá se faga teña vostede razón e se lle, oxalá lle teña que dar a razón, igual que no transporte metropolitano e esas cousas, porque os beneficiados seremos todos, nada máis, pero querer argumentar que un anuncio unha foto no periódico co conselleiro e tal, xa é unha cousa que se vai facer dentro de dous meses, pode ser ou pode non ser, ou sexa, que non enganemos a ninguén. A moción da Finca Fierro, esquecéronse de poñer aquí, primeiro quero dicir que nós en Finca Fierro xa trouxemos unha moción en febreiro coas demandadas que nos fixo chegar os veciños de Finca Fierro, as demandas máis importantes que llas trasladamos ó Grupo de goberno e esperemos que agora no tema do remanente sexan atendidas, entón claro vamos a estar de acordo coa moción porque nada é repetir un pouco o mesmo ou sexa que non hai ningún problema, esquecéronse de poñer aquí na moción da Finca Fierro señor Manuel, o tema da que lle querían meter a autovía por debaixo dos edificios a saída da autovía, entón xa que fala de mocións importantes e cousas así que, pois esquecéronse de mencionarllo, non sei se eles llo están demandando que lle metan a autovía por debaixo das casas, ou a saída da autovía alí por onde o Maquinor, ou por enriba das casas, porque non sei xa se haberá sitio para meter tanta estrada. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Vareal toma a palabra: Nós estamos de acordo con esta moción, pero esta moción tiña que ser arranxo de todo o Concello de Barbadás non só de Finca Fierro, porque é vergonzoso como está todo a min gustaríame que a señora Victoria xa como fixo alí en Loiro co cubo de lixo ó lado da miña casa que tivera unha varíña máxica e cada moción que presentáramos o fixera como fixo, porque ten moita guasa, ten unha persoa con moita guasa, deixa as puntadas cando as quere deixar. A área que ela toca é a peor do Concello de Barbadás é precisamente onde máis carencias e máis mala xestión hai porque díxeno nun Pleno e dígoo outra vez, oxalá que o Bloque levara todo porque voulle dicir unha cousa, seguramente non tiña a metade de problemas que ten o Concello xa non digo, digo o Bloque porque polo menos está gobernando, se foramos nós ó mellor fariámolo mellor pero non o sei, aí aínda está a dúbida, agora a súa área o que está levando vostede faio fatal, vostede sabe o que fai, cando ven aquí ó Pleno empeza a ler, e lee, e lee, unha retórica barata, porque a min non me dea cifras, a min non me dea números, a min móstreme onde están as cousas vostede aproveita que presento unha moción e



ó venres xustamente que o fins de semana vivo en Loiro pero as fins de semana viaxo, como podo ir á lúa se me da a gana, e vai pon o contedor e ven hoxe no Pleno e dime vostede non vive en Loiro, non viu o contedor, pois non o vin porque aínda non cheguei a miña casa, traballo moitas horas igual que vostede pero o meu traballo réndeme e o seu non se ve, porque ten moita guasa, pois dígolle esta moción compañeiros do Partido Popular tiñades que poñer, arranxo de todo o Concello de Barbadás porque todo está nefasto, señor Alcalde vostede non se ría porque estou falando dunha compañeira súa e estase rindo eu non sei que me indica, non sei, eu se están falando mal dunha compañeira que o está facendo mal e o vexo rindo, digo non sei. Non vou poñer adxectivos cualificativos é certo que non se pode faltar ó respecto, pero é triste como está o Concello hai áreas aquí que están funcionando de marabilla como dixeran antes, pero hai áreas que están funcionando nefastamente e que se empecen a ver os peóns eses, porque eu calquera día vou vir aquí ó Concello e vou preguntar quen son e voume presentar e vounos ter que dirixir eu, polo menos saber se alguén os dirixe, porque vostede xa está visto que vostede non vale, nin vostede nin o seu compañeiro Rafael, porque o Concello segue cheo de herba, vai haber unha moción precisamente para iso agora. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular, e agora tamén estou rindo, eu son de talante risueño, voulo dicir así son de talante risueño. Ten a palabra voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Grazas señor Alcalde. Dicía a noticia que o goberno que o pon, o goberno autonómico aprobou o financiamento da primeira fase do centro para discapacitados adultos, perdón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza, desculpe.

A sra. Morenza toma a palabra: Creo recordar porque non hai moitos meses eu estaba sentada na bancada da oposición que o traballo da oposición é precisamente presentar mocións e iniciativas propostas construtivas non o goberno non se ten por que, ou sexa, a oposición non se ten que molestar porque o goberno teña en conta as súas propostas, non acabo de entender moito a súa actitude, pero en fin alá vostedes e a súa conciencia. Evidentemente estamos de acordo en que hai que comprometer investimentos na Finca Fierro dende o goberno demos xa os primeiros pasos por exemplo respecto do mobiliario do que tanto falan vostedes, colocáronse no parque infantil da zona alta dous novos bancos que eran demandados dende hai décadas, substituíronse nove sinais de stop e tres de límite de tonelaxe de camións que quedaron obsoletas hai décadas e que se atopaban nun estado lamentable de deterioro e que tamén foron solicitados polos veciños temos cuantificado tamén a construción da beirarrúa do



parque de arriba, unha carencia que ven arrastrando a Finca Fierro dende décadas, e resulta evidente que dende hai lustros que a circulación de persoas por esta zona é moi dificultosa e o acceso ó parque biosaúdable e infantil é moi complicada por non dicir case imposible, sobre as obras a executar neste barrio, temos que aclarar que en canto nos estean, en canto non estean delimitados os lindeiros do Concello de Barbadás co Concello de Ourense non se poden acometer actuacións, lembrámoslle, agora mesmo o proxecto de delimitación territorial de ámbolos dous municipais está no Consello Consultivo de Galicia que ten que aprobalo, e respecto dos desbroces aclarar que a Finca Fierro é un dos lugares onde máis se desbrozou e se actuou nos últimos meses, tanto nas zonas verdes como nas zonas axardinadas como nos viarios, e cinguímonos ós feitos nós falamos con feitos enriba da mesa e con datos e con informes e con partes de traballo, pero lonxe de asumir as críticas que moi vaga e moi xenericamente describe o PP na súa moción queremos remarcar que foi este goberno o que asumiu o compromiso de pobo inventar un poucos viarios que existen no Concello de Barbadás a día de hoxe e que están en terra, e que están cheos de fochancas tamén das que fala o señor Manuel González e que conducen a lugares onde viven persoas, foi este goberno o que xa fixo unha cuantificación do que custaría pavimentar a rúa Tangaraño, está cuantificada en 50.000 € porque a nós preocúpanos evidentemente as infraestruturas básicas que é o principal, a principal funcionalidade dunha administración local, esta é a política esmagadora dos feitos deste Goberno, unha aposta firme por todos os núcleos deste Concello sen favoritismo pero tampouco sen discriminación a Finca Fierro non está discriminada demostrámolo con feitos. Acerca das supostas deficiencias do sistema de alumeadado público temos que remarcar que a día 5 de xuño de 2016 na Finca Fierro non hai ningún punto de luz que falle, lembramos ademais que para os que non están naquela zona que as luminarias para os que non estaban naquela época, as luminarias foron cambiadas hai 8 anos, e se hai algunha luz intermitente o sistema é avisar telefonicamente ou ben ó Concello directamente ó servizo de mantemento ou a este Concelleira que colle o teléfono ás 11 da noite para recoller unha queixa de veciñas ou de 20 ou de 30 veciños ás 11 da noite dun sábado pola noite e avisa ó servizo de mantemento e fai a xestións pertinentes para solucionar un tema que, un problema de subministro de luz en calquera punto de todo o Concello incluído dende Santa Uxía ata Loiro, tan só se detecta que existe unha carencia dende hai décadas, repito, e que este Goberno dende o minuto cero que tivo coñecemento desa carencia pediu orzamento para poder proceder ás súa subsanación e trátase da instalación dun punto de iluminación nun lugar onde é moi necesario que é a altura dunha parada de autobús na rúa Limia, da que vostedes xa aínda non ó mellor non lles chegou a queixa ou non se



decataron en décadas, xa está cuantificada en 368 € e coa cuantificación foi feita o 27 de maio tres días antes de que o Partido popular presentase a súa moción, xa ven que traballamos con datos con pes na terra e que somos capaces de que a terra entre nas nosas sandalias ou de que o barro encha as nosas botas. Vivimos no mundo real. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas por cingirse ó tempo. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Moitas grazas señor Alcalde. Dicirlle en primeiro lugar don Ramón, que a noticia que saía era importante o que o pon contido non a noticia en si, e que falaba de que. Decía eu que o importante era noticia cando queira lección xa irei ó colexio que para iso fun. O Goberno autonómico aprobou o financiamento na primeira fase de centro para discapacitados na cidade de Ourense, esa é a noticia que se aprobou no goberno na Xunta e iso é o que é importante que se firmou o convenio como se pode ver na noticia. Dicirlle tamén a don Ramón que ben sería que se fixese o enlace á autovía ese que vostede dicía, igual que serviría de circunvalación aquí A Valenzá, igual que sería bo o aparcadoiro, igual sería bo os cinco, a moción na que presentamos cinco puntos de acceso ó centro de saúde, a moción para cambiar o tráfico no centro de saúde, podíalle facer aquí un relatorio completo, vostede é parte responsable, non é nada persoal con vostede, pero vostede xa lle dixen algún día en persoa, e llo repito aquí en público, é parte responsable do que estar a pasar neste Concello, como están gobernando eles xa o vemos e o pode ver a cidadanía, pero vostede deulle o voto e é vostede quen ten que esixir que as cousas se cumpran, se vostede presentou unha moción no seu día, e temos que agora o Partido Popular volvela a presentar, don Ramón Padrón algo falla, non lle fan absolutamente ningún caso, cando vostede di por aí que é o terceiro alcalde que é o alcalde de verdade que llo di ós veciños, témome que non, non o digo con ánimo de, se o ofendín píddolle desculpas, non o dixen con ánimo de ofender, hai testemuñas sobradas de que esas afirmacións son ditas en varias cafeterías, e en varios bares, nalgún pobo, pero tampouco ten maior importancia, de todas maneiras eu só llo digo para que vostede reflexione non con outro ánimo de maneira ningunha. A dona Victoria eu dixen que estaba contento, eu debo ter un problema, debe ser un problema de comunicación hoxe, ou verán, ou é aire acondicionado, ou algo falla, porque eu dixen que estaba contento no que atinxe ó Partido Popular estamos satisfeitos de que traemos as cousas incluso antes de poder debater a moción xa están arranxados algúns puntos. En canto ós bancos si pode ser que se puxeran algúns novos e tal o que pasa é que como os tapa a herba non se ven por iso non se poden cuantificar. No outro que dicía tamén que se esta é a mellor zona vaia por Deus como estarán as outras



entón, ou como están, a ver onde anda a brigadas dos 6 obreiros co sacho famoso que non se sabe deles. En canto á dedicación exclusiva vostede lembrará dona Victoria que eu fun un dos que defendín no seu momento cando vostedes se subiron o soldo neste Concello, e lles dixen que a adicación exclusiva dun concelleiro sexa adicación a media xornada, sexa adicación tal é completa as 24 horas días, 7 días á semana, benvida ó club agora se deu conta, de todas maneiras vostede ten adicación e cobra algo máis pois xustifiqua. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Aquí queda demostrado por que se perde tanto tempo nos Plenos. Eu voume cinguir á moción porque vou votar máis tempo con ela, xa lle dixen que no mes de febreiro trouxemos unha moción aquí nós da Finca Fierro reclamando o que nos reclamaban os veciños, e os veciños non reclaman un enlace da autovía nin moitos menos, e non sei se vostedes o Partido Popular lle propuxeron ós veciños de A Valenzá e As Lamas de meterlle un viario dunha saída dunha autovía, é que se llo prometen eu creo que os botan fóra de alí non quero dicir como. O que si trouxemos naquela moción foi que se tomaran as medidas oportunas para solucionar o tema dos lindeiros para que precisamente o Concello poidan gastar os cartos en aquelas outras beirarrúas que a día de hoxe nas que son do Concello, e que non se gastaron pero hai o compromiso de que se van a gastar eses cartos agora no remanente, igual que nos outros pobos do Concello, como é Bentraces, ou Loiro, en obras que son comprometidas polo Grupo de goberno, e que nós fixemos un pacto de investidura co señor Alcalde na que tamén coincidíamos con esas obras porque son as que demandaban os veciños, e vamos a apoiar que sexa así, entón hai ese compromiso e esperemos que se execute, e pensamos que si, senón pois non terán o noso apoio está claro. Queremos dicir que xa vostede que defendeu a xestión do señor Feijóo e da Xunta de Galicia, pois chámeo tamén e dígalle que os lindeiros, que arranxe o tema dos lindeiros canto antes, isto é do mes de febreiro esta moción nosa, do 4 de febreiro, quedouse de ver como estaba o tema do papeleo alí, ou sexa que vostedes teñen tantas informacións e tantos contactos, cousa que nós non temos, movan este tema para que os veciños da Finca Fierro, díganlle ós veciños miren tranquilos que xa está o tema no Consello Consultivo xa chamamos alí, ou xa arranxamos o tema, xa van mandar o papel para aquí e entón xa o Concello vai poder gastar os cartos na Finca Fierro, pero de momento mentres non estea este papel, porque polo visto como anunciou aquí a Concelleira aínda non se sabe nada as beirarrúas onde non, non é de Barbadás non podemos gastar os cartos, entón que é o que pasa aquí. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.



A sra. Varelas toma a palabra: Eu hai uns meses comentei nunha Comisión Informativa que era moi necesario arranxar o tema dos lindeiros, porque si é certo que hai xente moi prexudicada, á hora de facer unha transacción de venda prexudicada porque tal como están agora os lindeiros vas a pedir unha nota simple dunha propiedade, e xa non sabes a que rexistro da propiedade tes que ir, entón iso si é certo, o que si lle vou dicir señor Padrón, a ver vostede presentou unha moción para arranxar diferentes temas de Finca Fierro e aquí os compañeiros do PP só lle están dicindo que non se arranxou nada, ou que vostede pediu non se fixo, non o tome a mal, eu non vou entrar en rolos de insultos, nin de acusacións nin de nada, o que si é que se vostede os apoiou que é certo que os apoiou, é unha realidade, que lle esixa polo menos que as mocións que se presenten que teñan cousas razoables que saian adiante ó final do que se trata é de favorecer ós veciños e que as cousas saian ben, eu sempre digo quen presente unha moción, sexa PP, sexa Goberno, é que me dá igual, con que a moción sexa coherente e sexa en beneficio dun grupo de veciños sempre vamos a apoiala entón déixense de andar lanzando uns a outros, é unha recomendación que eu ás veces tamén me altero, pero déixense de andar lanzando cousas porque é unha tontería, ó final o que resulta é facer as cousas ben para os veciños. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Aclarar respecto ós lindeiros de entre a Finca Fierro e Ourense que precisamente unha das razóns polas que a Finca Fierro da aparencia de que está, de que hai máis herba é precisamente porque non hai beirarrúas e senón hai beirarrúas é porque os lindeiros non están resoltos entón non se poden construír as beirarrúas o Concello de Barbadás non pode investir en construír beirarrúas na Finca Fierro co remanente de tesourería porque a Finca Fierro non é de Barbadás e que eu penso que estar repetindo sempre o mesmo Pleno tras Pleno tras Pleno, paréceme verdadeiramente falar para persoas que non comprenden. O que quería aclarar existe unha brigada de 6 traballadores, existen 13 persoas, hai agora mesmo 13 persoas da brigada de obras traballando, da brigada de obras e xardinería traballando en desbroces e en arranxar en zonas verdes e zonas axardinadas existen catro cuadrillas de persoas traballando en diferentes puntos do municipio non só en Loiro, non só no Barreiro non só na Finca Fierro, senón tamén en Piñor na estrada a Toén, catro cuadrillas traballando, sete desbrozadoras, catro sopladoras, o tractor desbrozadora, podería estar aquí falando intentando que comprenderan pero sabemos que non o van a comprender porque se negan a entender algo que non lles vai ben para os seus interese políticos. Lembrarlle tamén para que vexan



que non nos esquecemos da Finca Fierro e que a consideramos case unha parte máis da vila de A Valenzá a varredora que nunca apareceu por alí na vida, nin en A Valenzá, nin en ningún lado, existía unha varredora aparcada nunha nave, a varredora vai agora unha vez ó mes á Finca Fierro algo que nunca se fixo tampouco se facía en A Valenzá e isto fixo o actual goberno, non o fixo o anterior goberno durante décadas que tivo unha varredora aparcada ou non lle esixiu á empresa que puxera en marcha unha varredora e o goberno, ou sexa o Partido Popular que agora presenta unha moción para mellorar a Finca Fierro non fixo nin a metade das melloras en anos que fixemos nós en 11 meses en case 12 meses e non se acordaron da rúa do Tangaraño que está alí na Finca Fierro, si estaba alí cerca viven persoas alí. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Moción do Partido Popular para o desenvolvemento de inversións na Finca Fierro: Instar ó grupo de goberno de Barbadás a que se inicien os procesos de investimento que comprometan eses créditos dispoñibles, e que dalgún xeito atendan as necesidades demandadas polos veciños e veciñas da Finca Fierro, e que xa foron comunicadas ó Concello**”

9- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE PAVIMENTACIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE RÚAS, SOLUCIÓN DOS PROBLEMAS NA PARTE TRASEIRA DA RÚA GUERRERA DE A VALENZÁ E MELLORA DO PARQUE DO BARREIRO EN BENTRACES.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á moción do Partido Popular para a elaboración dun plan pavimentación de acondicionamento de rúas, solución dos problemas na parte traseira da rúa Guerrera de A Valenzá e mellora do parque do Barreiro en Bentraces. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver máis do mesmo, aquí traemos os problemas da xente sabemos das cousas que están mal e aínda por riba teñen máis que dicir, isto é increíble, aquí tamén hai problemas de lindeiros e non se pode facer. Vamos a ver, grupo municipal do Partido Popular de Barbadás expón que unha das misións fundamentais das Corporacións Locais consiste no mantemento de tódalas rúas e espazos públicos e nas condicións axeitadas de pavimentación, tanto das zonas rodadas para o tránsito de vehículos, coma das zonas verdes para o uso e o disfrute dos veciños e das veciñas. Chega con dar un paseo polas distintas rúas do núcleo urbano, coma tamén polas do rural, para comprobar que é necesario intervir na mellora do pavimento dun elevado número de rúas e no



acondicionamento doutras. Esta moción é a continuación da que o noso grupo xa trouxo o pasado Pleno ordinario sobre parques e xardíns e sobre o deterioro urbano dos mesmos, pero é tan só o inicio dun longo percorrido polo noso Municipio que traeremos a este salón para denunciar o abandono e desidia deste goberno neste último ano sobre os nosos bens. Punto número 1, As Lamas: Faise prioritario asfaltar e acondicionar a rúa que vai dende a Praza do Cruceiro cara o depósito da auga e que se utiliza por todos os veciños que soben ás novas urbanizacións de chalets. De todos é sabido que esta rúa ten unha forte pendente, que sumado o seu estado, dificulta o tránsito pola mesma e xa non digamos nos días de choiva nos que a auga arrastra gran cantidade de area, dende onde une o asfalto coa pista de terra, a altura do número 1 da Urbanización O Cruceiro. Esta reivindicación xa lla presentaron os usuarios a través da Asociación de Veciños a este goberno, que non foi quen de adoitar as medidas oportunas para paliar o problema ata a data na que o Partido Popular de Barbadás presentou esta moción. Rúa Severo Ochoa: Esta baixada é unha saída de A Valenzá, pola parte traseira do actual Centro de Saúde cara a zona de Carrefour, moi utilizada e que se atopa nun estado lamentable. Os vehículos pegan cos seus baixos por non ter o firme rebaixado de forma axeitada. É prioritario o arranxo do firme e das fochancas nesta rúa, para evitar situacións problemáticas e que os veciños e veciñas non se queixen repetidamente dos danos nos seus vehículos. Parte traseira da rúa Guerrera: As ratas, a herba e a rede das pistas son unha combinación axeitada para que os veciños da zona non poidan descansar e reivindiquen a cotío o seu malestar. As herbas vanlle entrar polas fiestras e polos balcóns que dan á zona de xogos das pistas, polo mal estado da rede, e para máis as ratas campan as súas anchas por esa zona, sen que ninguén do actual goberno se preocupe, insisto é un problema sanitario. Parque do Barreiro de Bentraces: Eu tiña unhas fotos aínda que son en branco e negro pero da igual, porque branco e negro os bambáns biosaudables non se ven todo herba. Parque do Barreiro de Bentraces: Nesta zona é onde queda patente a ineficacia deste goberno pois non se trata tan só de limpar as herbas que cobren os aparellos biosaudables, como acabo de dicir, e as mesas do parque, trátase de que actualmente está a monte, abandonado da man de Deus, dende que vostedes tomaron posesión, pois ben trátase xa non só de cortar as herbas, trátase de dignificar unha zona aínda que a vostedes lles parece que non se utiliza nada está máis lonxe da realidade, claro que se utiliza, pos moita xente de Bentraces e de pobos veciños fan andainas, roteiros de todo tipo nesta zona, é ademais, é un lugar idóneo para facer unha parada, descansar e disfrutar do entorno. Pero no seu estado actual isto faise imposible. Acordos que traemos a este debate: Elaboración dun inventario coas rúas do rural e do núcleo urbano no que se estableza un diagnóstico das necesidades de



intervención e grao da urxencia. Realizar un catálogo das necesidades máis urxentes en cada pobo e no núcleo urbano, sinalando as actuacións que se realizarán. Un calendario de actuación, revisable ano tras ano. Que se adoiten as medidas necesarias de forma urxente para actuar nas catro zonas que sinalamos anteriormente nesta moción. Eu queridos compañeiros, veciñas e veciños eu espero que o goberno dende logo tome cartas no asunto, xa digo vamos a traer un fío de cousas que estamos vendo ultimamente, probablemente se quere señora Morenza eu xa lle aforro parte da súa intervención, xa estamos niso, estamos niso, vámolos facer, vale, pois, con actos non con verbas neste salón. Pois a vostede señor Sierra aínda por riba con cachondeo. Podería estar orgulloso e a culpa non é súa xa o teño dito moitas veces de meter a unha persoa incompetente a culpa é do señor Alcalde por meter nunha área tan visible a alguén tan incompetente coma vostede así que de risas aquí nada. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós queremos dicir que vamos a apoiar sempre todo o tipo de mocións que axuden a mellorar o noso Concello e diversos lugares onde existen problemáticas, está claro que hai que melloralas e hai que arranxalas entón vamos a apoiar sempre este tipo de mocións que axuden a, para que o goberno tome nota delas e arranxe esta situacións se a día de hoxe están sen arranxar canto antes. Como aquí se fala de se queremos un facer un pequeno, unha pequena achega, non poñer emendas nin nada, pero nos parece que a moción está ben, como se fala de tema de asfaltados queremos dicir como dixemos na Comisión Informativa que non pase o que pasou o ano pasado que se fixeron asfaltados no Concello e tirouse co diñeiro porque se fixeron os asfaltados no tempo que non se tiñan que haber feito, porque o tempo, as condicións climatolóxicas eu incluso falara con representantes, con traballadores e capataces non estou falando dos operarios da empresa, cos operarios poden sabelo perfectamente igual que o xefe ou máis, ese asfaltado estíbese botando non no tempo que había que botalo, pero había que correr, había que botalos, había que ver cousas feitas, e ó final tiramos cos cartos, e tiramos cunha cantidade moi grande de cartos, entón cando se acometa un asfaltado que se faga no momento que os técnicos, cando o tempo se considera oportuno para que en versión feita sexa o máis eficaz posible dure moitos máis anos e o que está claro é que un material botado en mal momento tiramos cos cartos, porque ó cabo de nada está, non está cumprindo a función para a que foi botado. Nada máis, ese inciso. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Con esta moción estamos completamente de acordo, pero remítome ó anterior no só nestas zonas, en todo o Concello hai estradas e viarios que están mal, entón eu penso



que o que teñades que facer a persoa que lle corresponde aquí é Victoria pois pasearse e mirar cales son as máis urxentes, ó mellor non chega para todo, pero polo menos, ir, ver, e ver as máis urxentes e ir cubrindo as necesidades máis urxentes, e non estar sempre co mesmo rolo de que estamos en iso, estamos en iso, e vamos a ver, vostedes levan un ano, vai facer un ano, ó principio é normal os tres ou catro ou cinco primeiros meses estamos en iso, é normal, porque téñense que acostumar e teñen que coñecer como me pasaría a min, ou sexa calquera persoa cando empeza nun traballo novo, lévalle un pouco de tempo, pero é que xa hai un ano e vostede só sabe dicir estamos en iso, estamos en iso, e compañeiro Manuel mire voulle dicir unha cousa, non se enfade porque se ría porque é cousa do PSOE o señor Alcalde tamén se ri, se el non pon orde no seu quen o vai facer, non se o tome a mal, porque eu voulle dicir unha cousa a humildade é moi importante na vida, e eu cando me critican non, cando me din que algo fago mal, non o tomo como unha crítica escoito, porque mire, só escoitando se aprende e ás veces ninguén nace sabido, entón cando nós estamos dicindo porque a nosa labor dende a oposición é dicirlles as cousas que están mal e chegan a un Pleno e dicímosllo o que está mal e a área que leva o señor Rafael é vergonzosa que aínda teña a cara de rirse é un pouco triste, pero triste por el, a min nin me fai sentir mal porque el se ría, quen está quedando mal e el co pobo, porque non é para rirse, non naceu aprendido pero un ano, un ano é máis que suficiente, entón, en canto ó tema dos asfaltados está mal, por exemplo remítome a Loiro porque é o que máis vexo, as outras tamén as vexo, están todas as rúas mal e seguramente en Bentraces pasa o mesmo, A Valenzá xa se viu como está tamén, ou sexa, hai unha carencia moi grande, entón cando teñamos, cando podamos dispoñer a do remanente se se chega a poder dispoñer, porque eu xa o dubido, porque eu non entendo tanto diñeiro aí parada cando hai tantas necesidades e algo que me come o demo, ou sexa, quero dicir 1600.000 € aproximadamente, e temos tantas necesidades neste Concello, tantas que é increíble que só estando aquí se ven, porque eu sei que a metade da poboación non sabe a gran necesidades que temos, entón fagamos o posible de poder de dispoñer dese diñeiros, fagamos as cousas ben, e se vostedes gobernan estes tres anos pois o fagan ben, por vostedes, porque quen non a vergonza e súa señor Rafael se o fai mal, eu non teño vergonza, o meu traballo é dicirlle mire en tal sitio está algo mal, pero non se ría que queda mal e da pena. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Pois si evidentemente temos máis que dicir porque traballamos con planificación e cos pes na terra, e porque lle damos datos e presentámoslle proxectos, presupostos, e recentemente enviámoslle a toda a oposición o plan plurianual de traballo que coincide



moito co que vostedes plantexan hoxe nesta moción, pero eu cinguíndome un pouco a moción que presenta o Partido Popular quería utilizar palabras como insolencia, atrevemento, descaro, cinismo, hipocrisía, desvergoña, e que non sei cal destas palabras utilizar para describir a liña política que iniciou o Partido Popular ó presentar este tipo de propostas, pero baixándonos á vida real na que estamos todo os días e sen necesidade de definir o indefinible falemos de incoherencia, vámolos deixar suavemente en incoherencia e falemos de por que o Partido Popular recepcionou un viario que ás claras non reunía as condicións técnicas de desnivel, como é o que existe na rúa Severo Ochoa e a que unha proposta que vostedes traen hoxe aquí a este Pleno e a que lle puideron no seu día buscar solución simplemente ir a comprobar que verdadeiramente existía un desnivel incompatible coa circulación viaria, dende o Partido Socialista xa o reclamamos dende a oposición en xeral xa o reclamamos vostedes esixen que se cumpra algo que vostedes mesmos permitiron, iso a ver se nos fan un esquema e nolo explican, chamémoslle incongruencia, chamémoslle insolencia, descaro a esta postura non sei xa como chamarlle. Dende o goberno sen embargo pisamos o chan como lles dixen antes e sabemos do que falan, sabémolo, porque xa o esiximos nós dende a oposición e como non podía ser menos dende o goberno actuamos con responsabilidade, congruencia, imos darlle solución, evidentemente, porque ten solución vostedes hai anos non a atoparon, ou non a quixeron aplicar. Ademais de darlle unha solución á Severo Ochoa tamén lle informamos que dende hai semanas está planificada na folla de ruta que guía o traballo do goberno unha actuación para colocar lousas nos 18 m que quedaron dende hai anos sen colocar, dende hai décadas por podemos volver a utilizar a palabra década, década, década, e que vostedes non nomean na súa proposta casualmente falan do viario da Severo Ochoa pero non nomean a beirarrúa incidir en que é importante o paso de vehículos pero igualmente crucial e mellorar o tránsito de peóns polas beirarrúas. Respecto da rúa da fonte en As Lamas somos conscientes dende a chegada ó goberno dun innumerable listado de necesidades plantexadas dende hai décadas e nunca atendidas, dende hai décadas, a reforma desta rúa xa foi plantexada por Ánxela González Concelleira do grupo de goberno que é nativa de As Lamas e xa plantexou xa hai meses o seu arranxo e foi incluído nun plan de mellora de viarios municipais que imos a acometer co diñeiro do remanente está actuación está incluso cuantificada e medida e presupostada e definida as condicións técnicas nas que se vai a acometer 10.527,81 € traballamos con planificación e con proxectos. Sobre a rúa Guerrera aclarar que foi desbrozada de maleza o 31 de maio de 2016 en base a unha planificación que xa estaba feita había semanas e sobre as ratas dicirle que dende o minuto 1 e que lle foi transmitido a este goberno que existían ratas na zona púxose en marcha



polo Concelleiro de medio ambiente o protocolo de desratización.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor da moción. Falta a segunda quenda, perdón. Manuel por favor. O defensor da moción ten a quenda de palabra.

O sr. Fernández toma a palabra: Máis bla, bla, bla, señora Morenza segue co chip metido da oposicións, mire está gobernando téñollo que recordar, vostede recorda anos de atrás e eu estou aquí hai un ano a ver, ten que gobernar déixese do chip deste de oposición que ademais non lle pega moito. Vamos a ver, planificación, proxectos, plan plurianual, mire dicía unha persoa que probablemente e que non me cabe a menor dúbida sabía máis que vostede, dicía isto, o papel ten conta do que lle poñen, sabe?, o papel ten conta do que lle poñen vostedes, poñen para aquí para alá pero non fa o que pon ese papel e ese é o seu problema, o caso é darlle solucións a estes todos problemas siga a sacar fotos baixo os farois que é o comentario da xente nas rúas, mira a señora Morenza limpan os cristais dos farois e está coa foto xa quere saír e vergonzoso a min de verdade Victoria con todos os meus respectos, daríame vergonza. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Ten vostede a palabra señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Verdadeiramente gustárame seguir falando da moción do Partido Popular, vexo que o Partido Popular non lle interesa seguir falando de cuestións importantes por exemplo a do Campo do Barreiro en Bentraces aue é unha zona que permaneceu abandonada durante décadas, a Concelleira Nieves Carril que é coñecedora deste abandono e da falta de actuacións serias durante décadas tamén supoño que o sabería que estivo gobernando e que sabía que estaba abandonada, dende a oposición tamén reclamáramos que se acondicionara e agora estamos no goberno e traballamos con previsión e con planificación e con cordura e con responsabilidade e temos memoria e intereses reais en arranxar zonas e viarios que permaneceron no esquecemento durante décadas como o Barreiro, e a variña máxica que falaba ó principio do Pleno a compañeira Fina Varela aínda non a temos e menos para facer en menos dun ano que vostedes non fixeron en décadas. En suma estamos plenamente de acordo en que son precisas actuacións aquí e en outros lugares, vostedes durante os vindeiros tres anos dedicaranse a traer propostas neste sentido, é o seu traballo é comprensible xa lle enviamos xa lle digo un plan plurianual para que xa non perdan o tempo en incluír as propostas que están no plan plurianual e para incluílas nas súas mocións para así aforrarlle un traballo e seguir traballando todos en clave positiva e construtiva para mellorar Barbadás. Temos unha planificación do traballo diario un plan plurianual e unha previsión de melloras que se incluírán no



programa de actuacións que se custeará co remanente de tesourería, apoiamos a moción en suma, e lembrarlles tamén que se limpou o Barreiro e que estaba planificado dende facía semanas facelo como se fixo ó lado do Santiño hai semanas hai unha semana e pico e hoxe volveuse facer no trozo de viario que quedaba dende a fonte ata o Santiño. Existe planificación, existen traballos, existen proxectos, existen orzamentos e evidentemente os concelleiros do partido do goberno poden sacar fotos como poden sacar vostedes, e nós podemos sacar fotos e soportes fotográficos para dar, para que se de, para que se coñeza o traballo que se fai, aínda que a vostedes lle moleste, dende que se instalaram as fernandinas, as lámpadas fernandinas non se limparon nunca xamais na vida e agora chegamos nós e en menos dun ano limpamos unha e cada unha das lámpadas fernandinas iso debe molestar moito debe molestar moito, pero mire é o noso traballo no goberno e vámolos seguir facendo e vámolos sacar fotos ó noso traballo igual que lle sacaremos fotos á caseta dos patos e a tantas e tantas actuacións que levamos acometido nos últimos meses e ía dicir nos últimos anos, nos últimos meses verdadeiramente e que son cousas que se ven que as ve a cidadanía iso parece que molesta é a política das pequenas cousas e vámolos seguir aplicando. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor por favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Moción do Partido Popular para a elaboración dun plan de pavimentación e acondicionamento de rúas, solución dos problemas na parte traseira da rúa Guerrera de A Valenzá e mellora do parque do Barreiro en Bentraces: 1.- Que se adoiten as medidas necesarias de forma urxente para actuar nas catro zonas que sinalamos anteriormente nesta moción. 2.- Realizar un catálogo das necesidades máis urxentes en cada pobo e no núcleo urbán, sinalando as actuacións que se realizarán. 3.- Un calendario de actuación, revisable ano tras ano. 4.- Elaboración dun inventario coas rúas do rural e do núcleo urbán no que se estableza un diagnóstico das necesidades de intervención e grao da urxencia.**”

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai unha moción adicional que presentou o señor Ramón Padrón de o Grupo Mixto como moción de urxencia que xa na Comisión Informativa se aceptou a súa urxencia pero é preceptivo volvela a votar esa urxencia, polo tanto votos a favor da moción, da urxencia da moción para reclamar a limpeza inmediata do viario principal entre Finca Fierro e o Hospital de Piñor, e accesos a Barxa e a Santa Uxía. Unanimidade.

Sen máis sométese a votación a inclusión por urxencia da moción presentada polo Grupo Mixto,



“Reclamar a limpeza inmediata do viario principal entre Finca Fierro e o Hospital de Piñor e accesos a Barxa e a Santa Uxía, resultando aceptada por unanimidade.

10- MOCIÓN PARA RECLAMAR A LIMPEZA INMEDIATA DO VIAL PRINCIPAL ENTRE FINCA FIERRO E O HOSPITAL DE PIÑOR, E ACCESOS A BARXA E A SANTA UXÍA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Trouxemos esta moción de urxencia porque a día do xoves cando se convocaron as Comisións Informativas non había estaba esta infraestrutura se actuar en ela dende o ano pasado, igual Barxa e Santa Uxía, felicítámonos porque Barxa e Santa Uxía xa foron acometidos o que lle compete ó goberno entón felicítámonos de que se fixera que o que queremos que se fagan as cousas e tal. Hoxe empezouse a limpeza do viario entre Finca Fierro e o Hospital de Piñor pero o sentido da moción non é que se limpe ese viario unha vez ó ano como o resto dos camiños, certos camiños que hai no Concello que sabemos que se vai unha vez ó ano cando xa a herba non vai a medrar máis e porque ó mellor non hai tantas casas, nin representan tanto tránsito de poboación, agora si, vou a ler a moción e logo despois direi un par de cousas. Traemos a consideración do Pleno do noso Concello a necesidade imperiosa da limpeza dos taludes do viario entre Finca Fierro e o Hospital de Piñor ese tramo, así como as beirarrúas que unha parte a día de hoxe aínda seguen igual son intransitables e levan así tres meses. Os sinais de tráfico desapareceron entre a maleza. As cunetas están obstruídas de terra nalgúns puntos da travesía. E ano tras ano se suceden os accidentes nas curvas que o conforman pola falta de visibilidade e as deficiencias do firme. Tamén é importante o tráfico pesado que fai necesario un mantemento máis cotián da capa de rodadura. Teñamos en conta que este viario é un dos máis importantes do noso Concello tanto polos centenaes de vehículos que o transitan cada día, así como de viandantes pola presenza do da rede do SERGAS e do xeriátrico. É ademais paso obrigado para os nosos veciños do Concello de Toén e polo tanto é a única vía que da servizo diario polo tanto a unha poboación de máis de cinco mil habitantes. Unha infraestrutura como esta non pode chegar ao estado no que se encontra. Que diríamos se estivese así durante meses a estrada de Celanova ou a Avda. De Celanova?. O viario sabemos que é da Deputación, ó parecer hai un convenio entre a Deputación e o Concello para que o limpe o Concello, os taludes pertencen a Fomento e á propia Deputación, os de Fomento están na curva esta máis perigosa que é ó pasar a ponte da autovía, e o Concello é o responsable de esixir que esta vía teña o mesmo trato cando menos



que a outra arteria principal que cruza o noso Municipio polos motivos expostos anteriormente, o espírito da moción é ese, a ver se de unha vez por todas o ano que ven esa vía en vez de ter o trato de esperar ao mes de xullo ou xuño a cortarles as herbas e que vote dous tres meses coas beirarrúas intransitables, pois se faga non sei en xaneiro pois terá que levar unha volta, outra no mes de marzo, e a última en xuño, que xa digo é un viario de dous quilómetros, pero que aparte da parroquia de Piñor utilízanos os veciños do Concello de Toén é a vía que teñen para chegar a Ourense, e o Hospital de Piñor e xeriátrico que hai alí, o idéntico está o Hospital de Piñor, isto xa foi denunciado pola oposición o goberno que antes estaba na oposición foi denunciado o Hospital de Piñor, iso é un desastre, vamos eu se alguén ten alí a alguén interno e vai alí a visitalo e vai ter que estar alí fóra chéganlle as herbas ó pescozo e nos asentos, vamos eu non sei como, creo que é da Xunta de Galicia non sei como a ver, iso non é un, son uns exteriores dun hospital, exteriores que están pechados cun peche non estamos falando dun área recreativa alá no alto de Piñor, non para moita xente alí, pois se botan unha semana sen que cheguen alí os traballadores do Concello para limpalo ó mellor botan unhas semanas, dúas ou tres coa herba un pouco alta e tal, estamos falando dun hospital, estamos falando duns exteriores dun hospital, se a residencia sanitaria ou o hospital tivera os exteriores como está o hospital de Piñor, Deu meu querido aquilo se subístedes ata alí e o vistes pero creo que mañá aínda se pode ver, se non antes a limpalo claro, se non o fai a Xunta pois vámoslle dar nós un exemplo á Xunta e mandemos alí ós operarios e que limpen aquilo porque por favor aquilo da unha imaxe tétrica.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas ten a palabra a señora Fina Varelas, ou Julia Jácome

A sra. Varelas toma a palabra: Pois dicir señor Padrón que ten toda a razón do mundo e que nós estamos de acordo xa que no Pleno pasado falamos de parques e xardíns pero tamén de desbroce e o que é anecdótico é que presente vostede unha moción e xa anden alí, este goberno a que darlle toque de caixa pois iso como se soe dicir a toque de caixa, ou sexa presentas unha moción un cubo de lixo, presentas unha moción van a desbrozar eu non os felicito, non, porque hai que presentar unha moción para que se faga, iso é como ó neno pequeno que hai que rifarlle para que faga os deberes, pois este goberno fai o mesmo, hai que meter moción e empeza. Ó tema, o tema é que hai que ter as cousas desbrozadas porque a imaxe é nefasta aparte cando invaden estradas, vías principais coma esa, podemos chegar a lamentar, lamentar incluso algún accidente, porque as persoas que van polas beirarrúas basta que un día chova e esa parte das beirarrúas para non mollarse e se metan na calzada e pode ser unha persoa atropelada, ou sexa facilmente, Deus non queira, porque non sei que pasaría se acontecera iso, é certo que o que non pertence a Barbadás en principio Barbadás non ter porque facelo



pero se ten que insistir e a quen lle competa para que se fagan as cousas porque a ver nós non temos suficiente poder suficiente mando suficiente carácter para dicirlle os organismos pertinentes que teñen que facer as cousas ou vamos dobregar contra o Concello de Ourense, ou vamos dobregar coa Deputación, non obstante teremos que pedir o que nos corresponde que nos fagan non porque sexan moito máis grandes ca nós quedar achicados ou non, empecemos a ser serios e se non lle compete Barbadás pois facer todos os motivos, mover o que haxa que mover para que a Xunta, Deputación, chámalle Ourense para que o faga e senón conseguimos iso, pois vámolo ter que facer nós, porque primeiro está a seguridade dos veciños e a imaxe dun Concello porque a imaxe deste Concello está nas boas cousas está moi ben, en algunhas cousas temos sobresaínte como dixen antes pero é que noutras é penoso e cando toca tema de desbroces e de xardíns a min gustaríame que falara a persoa competente niso non que lle pase a palabra á señora Victoria que eu sei que fala ben pero se el é unha persoa que o concelleiro desa área é un concelleiro en exclusiva, non sabe defenderse falando que tristeza. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do partido Popular.

A sra. Prieto toma a palabra (PP): Boas tardes a todas e a todos. Efectivamente tal e como describe o señor Padrón atópanse a citadas estradas, beirarrúas e os sinais en pésimo estado de limpeza e perigo, pero non soamente dos viarios ós que referencia senón do 70% das rúas da zona do rural do Concello. O día 6 de xuño limpáronse segundo os concelleiros encargados destas tarefas a estrada principal de Barbadás é récord histórico na Finca Fierro catro voltas á zona verde da fonte, impresionante, acórdese que na Finca Fierro temos máis parques como o parque infantil da rúa Milladoiro que está esperando a primeira volta de cavadora, pero pola primeira volta espera a maior parte do Concello, rúas, alcorques, areeiros, fontes, etc., farían falta varias horas para describir o que non se tocou no Concello, limpeza cara a galería, agora xa pouco lle preocupa ós cidadáns do Concello, agora preocúpanlle os números, rúas e parques principais igual a tránsito de máis veciños igual a limpeza. Rúas e interiores do pobos, ou rúas con poucos veciños, parques retirados ou que non están á vista, lavadoiros e fontes igual a menos veciños igual esperando a primeira volta de limpeza, e eu preguntome por que se limpou varias veces a rúa principal de Barbadás?, será porque temos moita afluencia de xente ó Concello ou o Centro de saúde?, por que se limpou catro veces a zona verde da fonte da Finca Fierro e aínda non se lle pasou a cavadora ou se cortou a herba só unha vez no parque infantil do parque Milladoiro, será por que a fonte se ve moito pasan por alí os de As Lamas, os da



Finca Fierro e ata os de Parada e Piñor?, e o parque infantil soamente van os nenos e os seus pais, vese menos. Para cando a primeira volta de cavadora nos areeiros?, para cando a renovación da area que tantas veces pediron?, e por último, creen vostedes que no 2016 serán capaces de darlle unha volta completa a todo o Concello? Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza. Vou facer un inciso perdoe, o grupo de goberno decide que é o voceiro en cada momento non son vostedes quen para decidir quen intervén, pódeno criticar, pero non lle sorprenda como vostedes interveñen quen lle parece de volas dúas, por iso, e eu tamén podoo dar a miña opinión cando entre vostedes dous só intervén vostede sempre, entón non se sorprenda pois non faga crítica e utilicen varas de medir iguais que sería interesante. Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza, por favor.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Aclarar ante este debate suscitado que desbrocen se inclúe na área de vías e obras, eu son a Concelleira de vías e obras e mal que lle pese a moitos vou seguir levando esta área de vías e obras de desbroces de vías, desbroces de vías, vías de todo tipo, entón ó mellor hai que facer un esquema das áreas que leva cada un ou do que corresponde en cada momento, en cada caso o voceiro decídeo como lle comentaba o Alcalde cada grupo. Pois eu cinguíndome a moción do Grupo Mixto que a que estamos debatendo agora quería dicirlles a todos que este é unha historia cun final coñecido por todos vostedes e sobre todo por nós, polo goberno, estivemos meses agardando a que a Deputación de Ourense se fixera cargo do mantemento de feito desta estrada que é da súa titularidade da OU-0519 Ourense-Toén, como cada ano as brigadas da Deputación acudían a limpar a marxe da vía da que é titular cada ano facían varias veces ó ano, pero este ano sen saber por que nin por que non este servizo de mantemento brillou pola súa ausencia, hai unhas semanas reclamamos e visto que non aparecía por aquí nin o apuntador que se procedera á limpeza e desbroce e resposta foi textualmente estamos realizando traballo de desbroce de xeito continuo na rede e agora por circunstancias ambientais o crecemento é máis rápido esta é a resposta que da a Deputación Provincial a un escrito enviado dende o Concello de Barbadás e amparándose en que era o crecemento vexetativo máis rápido, pero isto non é certo porque non se corresponde coa realidade visto que non apareceron e ata o día de hoxe por a Ourense 0519, e así remataba a historia, senón fora porque o Concello ademais tivo que quintuplicar os seus esforzos e comezar a limpeza con medios propios, como todos e todas coñecedes xa hai unha subvención da Deputación para o pago do combustible do tractor e unha comunicación da Deputación enviada hai uns días indicaba que o desbroce coa máquina debía comezar a partir do día 1 de xuño, desbroce dende a residencia de Cabeza



de Vaca ata o límite co Concello de Toén esta é unha subvención que chega anualmente e que os concelleiros que estiveron algún ano aquí teñen que coñecer, a actuación dos operarios municipais fíxose así coordinadamente e comezou de acordo coa folla de ruta hoxe luns día 6 tal é como se anunciou na Comisión Informativa do pasado xoves día 2 de xuño. Respecto as zonas de base de Santa Uxía cando se presentou a moción xa se acometeran e xa estaban planificadas de antemán non se actúa ó ditado da oposición simplemente se planifican as actuacións en función si, como di a concelleira do Partido Popular Miriam, si en función da prioridade do paso é que hai que establecer unhas prioridades e unhas liñas de actuacións hai que traballar con planificación, con cabeza, hai que facer unha listaxe de necesidades onde é máis necesario, onde non é necesario, e fixéronse as maioría dos areeiros do Concello, fixéronse, fixéronse algúns deles a man e agora non se queixe vostede señora Miriam de que traballamos de que traballamos e limpamos, primeiro quéixase de que non traballamos, agora como xa lle queda pouco por desbrozar, xa lle quedan poucas críticas que facer, agora quéixanse porque limpamos, porque limpamos onde vostedes nolo di, vostedes teñen que facer o seu traballo de oposición e estar aí sentados e estar aí sentados e na súas casas e na calle, e traballando e facendo oposición, é o seu traballo, é o que lles toca, como nos tocou a nós durante anos tamén, e teñen que estar e facelo si, e ir ós parques vostedes tamén como iamos nós, como iamos nós e seguimos indo, e ese é o seu traballo de oposición asuman o seu papel que nós o noso témolo moi asumido. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Volver incidir no tema da moción que non podemos esperar ó mes de xuño a limpar ese tramo de viario polos motivos que xa expuxemos antes quedou que son razoables e que non se pode esperar ó mes de xuño haberá que instar, nós queremos ver ese papel, ese escrito da Deputación onde se resposta que están realizando traballos e xa lle tocará ou que naceu moita herba a Deputación hai que dicirlle que ese viario, ese tramo de viario entre Finca Fierro e o Hospital de Piñor non é un tramo de viario máis que calquera é un tramo de viario que teno que ter en óptimas condicións todo o ano, todo o ano, no vir no mes de xuño a limpar, e como dixen máis o do Hospital de Piñor porque non falou nada a señora Concelleira iso é de pena vamos, e que eu creo que o Hospital de Toén onde estaba antes en Toén que está abandonado está mellor que o de Piñor, porque xa a parte non só está aí o tema do psiquiátrico, está tamén o tema da rehabilitación, pero vamos a xente sabe, ou sexa un aparte un psiquiátrico, un psiquiátrico aínda encima témolo así, ou sexa, persoas que teñen aínda que precisan de máis atención e todo van alí os seus familiares, xa son



persoas que saír a fóra presentan un, as súas enfermidades pois vale, non actúan como persoas que estean nos seus, no seu 100% da súa capacidade e aínda encima vémoslos paseando por un sitio que vaia por Deus é que aínda da máis sensación de, vamos, témolo aí ó lado que non estamos falando como antes que estaban xa digo, antes o Hospital de Toén, o psiquiátrico de Toén eu pasaba moitas veces por alí e eu vía, e estaba máis coidado que está hoxe o hospital de Piñor pero cen mil veces, vamos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Voume a remitir ó que dixen nun Pleno anterior que oxalá estará a levar outra persoa algúns dos tres compañeiros do Bloque porque seguramente estarían os xardíns todo precioso e seguramente no pasaría o que está pasando, e si vostedes poden falar o que queiran pode falar vostedes, pode falar o Alcalde, pero é que eu non entendo o señor Rafael ten lingua é un Concelleiro que leva isto, enriba en exclusiva, entón non se sabe defender ou é que está facendo tan mal o seu traballo que é tan vergonzoso que non o deixan contestar. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Señora Fina. Ten a palabra o Partido Popular a súa voceira.

A sra. Prieto toma a palabra: Non sei por onde empezar. Limpen primeiro a súa casa e logo critiquen ós demais, ou sexa, limpen o Concello e pídalle despois ó MOPU e á Deputación que limpen as súas zonas sempre e cando non estean vostedes obrigados a limpar por algunha subvención. Sexan un pouco máis humildes alábanse polo que fan aínda que sexa pouco e pidan perdón ó resto do Concello que esperan a metade de ano pola primeira volta de limpeza. Fagan o que sempre esixiron non enganen ós veciños con traballos cara á galería ou mocións embarulladas que se arranxan con unha simple chamada de teléfono sempre e cando este fora o caso, e por favor traballen un mínimo e deixen de botar balóns fóra, e con respecto ós areeiros, areeiro cavado o único que vin polo momento é o do parque Roma de Piñor, supoño que será porque leva alí a súa filla, o resto ningún. Eu por esta época sentía vergonza por non poder ter o Concello mellor, e vostede co dobre de operarios está orgullosa?, non entendo nada señora Victoria. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Aclararlle á señora Fina Varelas que o señor Rafael Sierra Carril é Concelleiro de parques e xardíns, xa lle expliquei antes que isto é da área de vías e obras, a próxima vez en lugar de enviarlle un escrito á Deputación Provincial para que teña un maior seguimento da estrada provincial enviarémosllo directamente á Deputada de infraestruturas Consuelo Vispo para ver se mira un pouco máis para o noso Concello e non aparece nin o apuntador o día, a día 6 de xuño non



apareceu nin o apuntador da Deputación máis que escritos dicindo que claro a herba crecía moito e entón por iso non lle daba tempo a chegar a Barbadás que queda a un quilómetro de distancia de Ourense, entón si dálle tempo de chegar a Quintela de Leirado, a Toén, a Ramirás, dálle tempo de chegar a Punxín, dálle tempo de chegar a calquera lugar menos a Barbadás, a brigada da Deputación non chega a Barbadás, Chelo Vispo é Deputada de infraestruturas pero a brigada da Deputación non chega a Barbadás. E sobre o hospital de Piñor evidentemente nós reclamamos á Xunta, reclamamos a Fomento, reclamamos á Deputación a limpeza das marxes das vías e evidentemente reclamaremos á Xunta de Galicia, neste caso ó SERGAS que manteña nas debidas condicións os as inmediacións do hospital de Piñor, este é o noso traballo e si evidentemente ímolo facer xa que eles non fan os seus deberes trataremos de facelos nós.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. González toma a palabra: Señor Alcalde queremos que constara un pouco en acta a falta de respecto de falar de quen non está presente aquí, parécenos unha actitude covarde, xa lle dixen a vostede cando falan do señor Freire exalcalde e agora dígollo á señora Victoria Morenza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Que conste en acta a súa opinión evidentemente, pero desde logo tamén que conste en acta a miña opinión e o que transmite o Alcalde. Estamos falando dun cargo político que está actualmente cobrando un soldo da Deputación polo tanto estea aquí presente ou non estea presente terá que dirimir a súa responsabilidades onde toque e susceptible de crítica en calquera momento, polo tanto está en nómina ou cobran un soldo da Deputación?, si, está de baixa actualmente?, si, pero iso non exime da súa responsabilidade, estamos falando de feitos e de cargos públicos, os cargos públicos son susceptibles en todo momento de crítica é un público que está actualmente exercendo. Moitas grazas. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: ”

Moción para reclamar a limpeza inmediata do vial principal entre Finca Fierro e o Hospital de Piñor, e accesos a Barxa e Santa Uxía: 1- Instar ó grupo de goberno a acometer con urxencia as actuacións que lle competen directamente sobre a limpeza destas vías. 2- Esixir á Deputación Provincial e ó Ministerio de Fomento que manteñan o viario entre Finca Fierro e o Hospital de Piñor en óptimas condicións de limpeza e seguridade. “

PARTE DE CONTROL

O sr. Alcalde toma a palabra: Entramos na parte de control na dación de contas de resolución de



Alcaldía e en rogos e preguntas.

16- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

17- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas. Empeza Ramón. Un inciso, vamos a ver, hai un regulamento orgánico municipal no que o seu partido apoiou aínda hai uns días e vostede votou a favor de que se inicie o horario ás sete e media quedou apartado pero na Xunta de voceiros o seu partido si que subscribiu isto, entón se a vostede por asuntos persoais lle interesa unha hora determinada porque vostede ó mellor pola tarde non traballa, e digo ó mellor, por suposto, outra xente si que traballa e témonos que ganar o sustento, non sei, ademais os veciños deste Concello tamén teñen dereito a poder acudir pola tarde ós Plenos veñan máis ou veñan menos, desde logo que veñen bastantes máis dos que viñan antes, entón tamén pido un respecto para eses veciños e veciñas. Moitas grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Hai algo de queixa no tema de axuda no fogar polo tema de tramitación de expedientes de persoas afectadas por ese tema, facerllo chegar ó responsable da Concellería e non sabemos nada se a día de hoxe que o digan no próximo Pleno se se fixo algún trámite máis polo tema da cociña do Ruxidoiro, remata o curso e ven outro curso máis, e ver se se fixo algún tipo de trámite máis que era unha cousa que levaba o grupo de goberno no seu programa tamén, pero recordar fíxose unha moción aquí que se aprobou, e tamén queríamos tamén expresar o noso malestar porque se utilicen actos de días institucionais como política partidista, como foi o día do homenaxe a Manuel María cando foi acto da placa en que o señor Fírvida dixo que por acordo Plenario e das forzas e PSOE, Bloque e abstención de Democracia Ourensana, Partido Popular e voto en contra do Grupo Mixto, oia se vostede vai a dicir a emisión do voto de cada grupo en cada acto diga por que e seguro que votou a favor ou en contra ou se abstivo, porque soltarlle á xente así cousas que ó mellor que nin viron ó Pleno, nin viñeron ó Pleno nin leron a acta do Pleno que é o 90, pois mire o 90 ó mellor, seguramente o 90, que diga vostede por acordo Plenario

O sr. Alcalde toma a palabra: É un acordo non é para debater.



O sr. Padrón toma a palabra: Non é debater é simplemente deixarlle o noso rogo de que estas cousas non se repitan, pero se queren repetir, repitan. A nós danos igual eu asistín ó acto porque ó fin e o cabo nós dixemos que o día das Letras Galegas, ou sexa Manuel María non tiñamos nada en contra del, sábese ben porque se votou aquí no Pleno pero facer iso nun acto vostedes que critican

O sr. Alcalde toma a palabra: Volvo a reiterar que é un rogo.

O sr. Padrón toma a palabra: Rogo que non se repitan estas cousas por este motivo, porque consideramos que é vostedes criticaban ó PP que facía política dos actos e despois van vostedes e fan política tamén dos actos que nos dá igual a ver se entende, dános igual pero que saiba que o 99,9 ou coma non sei cantos noves da poboación non sabe realmente aquí o que vota a favor ou os motivos polo que é tal e soltalo así pois mire, queda moi ben vostede pero xa digo, é a nosa opinión.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas.

Ás 22:05 abandona a sala a señora Julia Jácome.

A sra. Fina Varelas toma a palabra: Non ía facer ningún rogo pero vou facer un, e voullo facer ó señor Alcalde, señor Alcalde deixe de rifarnos tanto cando vostede non dá o maior exemplo das cousas, vostede sempre nos está recriminando dos tempos, das alusións, de que falamos, vostede é o primeiro que cando intervén un concelleiro bótase a rir, é unha falta de respecto, entón eu rógolle por favor que aínda que sexamos moi graciosos os da oposición, ou lle fagamos moita gracia que evítese rirse porque se os seus concelleiros evitarán tamén quedar en ridículo e rirse. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: O Partido Popular ten algún rogo que facer.

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver, dende logo eu non teño presa, mentres dure este Pleno estamos na rolda de rogos e preguntas e voulle dedicar un tempo porque me parece sumamente importante trasladar a esta sala as demandas veciñais. Vamos a ver, isto ben daría para unha moción pero vouna resumir, en cen metros da avda. De Celanova dirección Golfiños cara a farola non se ven as liñas do medio da vía, son liñas continuas e os coches habitualmente todos os podemos ver que xiran a esquerda, cara a rúa do Viso e nesa intersección non hai ningún sinal vertical de prohibido xiro nesa intersección e as liñas continuas non se ven, nese mesmo traxecto fronte a ferretería económica hai unha fochanca xa bastante importante alí hai unhas varandas e aparcan os coches alí e obrigan os coches que van dirección Ourense a pasarse ó outro carril, adecentaron están bastante xeitosos uns xardíns ó lado da cafetería Chicote baixando cara a rúa Areal, pola marxe dereita, botáronlle uns coios, unhas pedras brancas, os cans, e os nenos adícanse a enredar con estas pedras e están todos os días na beirarrúa e patina habitualmente a xente nelas penso que non son esas pedras o máis idóneo



para pór nese xardín e insisto está bastante bonito, pero non son as máis axeitadas. Vamos a ver, penso que onte sabemos todos que o día 5 de xuño de todos os anos se celebra o día mundial do medioambiente, penso que neste Concello non se celebrou ningún tipo de actividade, senón se me trabuco pódemo dicir, pois teño moi mala memoria pero o día 8 de maio celebrouse unha carreira castro trail que se fixo dende Sobrado pola zona dos castros e volta outra vez cara Sobrado, tamén penso que o día 10 de abril se celebrou unha xuntanza cabalar, penso que nas dúas actividades e isto vai dirixido ó señor Alcalde e vai dirixido tamén ó Concelleiro de deportes, penso que nas dúas actividades se sufragou con algún axuda económica, penso recordar entón os rogo vai na seguinte liña, cada vez que o Concello se implique economicamente nalgún tipo de actividade sobre todo no entorno voulle rogar unha cousa que as cintas todas de sinalización que se utilizan no monte sexan retiradas unha vez que se finalicen as probas, porque están quedando todas meses tras meses, hoxe vai unha mañá vai unha andaina, pasado vai unha carreira pedestre, que sucede?, vamos a ver, os que nos dedicamos a facer roteiros, BTT, carreiras nocturnas, carreiras de orientación e monte a través pola zona, temos un colectivo e decidimos retirar todas esas cintas e hoxe vamos a ver vamos a distender o Pleno e ídesme a permitir non teño intención de alterar a orde do Pleno pero sempre dixeran que unha imaxe vale máis que mil palabras, ídesme a permitir que vos amose do que estou a falar. Non vos preocupedes porque segundo as recollemos do monte eu ó rematar o Pleno comprométome a retiralas do chan, porque vouñas a estender no chan para que as vexades non me caen os aneis. Hai moitas máis no monte seguiremolas quitando pero o rogo que hoxe traio aquí é precisamente para evitar isto que quede no nos entorno e aproveitar que onte foi o día mundial do medio ambiente a ver, eu dende logo agradecerlle as empresas que colaboran porque aquí figuran os nomes de varias empresas que ademais colaboran habitualmente no Concello con diferentes tipos de probas, pois non ten nada que ver a empresa que facilita as cintas co que é a obriga que ten o goberno, o Concello sobre todo se participa economicamente nestas probas pois retiralas. Vamos a ver e agora varias preguntas, trasladóusenos unha factura do día 29 de febreiro da Academia Postal Escola de Negocios que supera os 4.000 €, estas preguntas vámolos trasladar todas por escrito desde logo, a que actividade formativas se refiren?, e cantas persoas se inscribiron ou participaron?, tamén se nos pasou de data 31 de xaneiro de 2016 unha factura de Telemiño de 1.386 €, pregunta, que anuncios se contrataron e a quen se publicitaba?, que empresa vai prestar o servizos para o campus de verán e de onde é esta empresa?. Actualmente a última substitución dalgunha traballadora do SAF penso que se realizou por conta externa, seguimos externalizando servizos, gustaríanos saber primeiro que empresa e de onde é a que



está prestando ese servizo? e a seguinte pregunta vai relacionada co SAF, vamos a ver o 5 de outubro eu persoalmente trouxen aquí unha proposta á vista de que se estaba facendo unha bolsa para a substitución da cociñeira da única, o único posto de cociñeira que hai neste Concello e tróuxeno aquí e así consta na acta propuña que se fixeran as bolsas de emprego para diferentes categorías nas que figuran maior número de traballadores contestóuseme tanto pola parte técnica como desde o goberno que non era posible, pois a día de hoxe temos unha lista de substitución, eu quixera saber cales foron os cambios que motivaron esta situación, e sigo. Por que non se rexistran os escritos que se dirixen á cidadanía e que saen da Concellería de participación veciñal, estanse cando un escrito e levo máis de 25 anos na administración e dende logo na miña vida o vin, escritos que se dirixen ó señor Alcalde, ó Concello, rexístranse de entrada temos copias pero nas contestacións, Concellería de participación veciñal veñen sen o rexistro de saída, non sei se é por descoñecemento dos servizos administrativos ou de Secretaría porque non se lle traslada desde a Concellería de participación veciñal e obran pola súa conta e risco, ou é porque non interesa o contido destes escritos, o señor Sarín sacouse un xoguete da manga, regulamento de participación veciñal e aí vai a outra pregunta, constituíronse os consellos parroquiais?, constituíronse as asembleas veciñais? por que se vulnerou o regulamento? todo isto vámolos preguntar outra vez, claro fan un regulamento e despois vulnéranos así ás tantas como lle ven en gana. Vamos a ver, están contratando ou xa contrataron con algunha empresa externa, insisto seguimos coa externalización, limpeza e desbroces, cal é a empresa?, e cal é o desbroce e os traballadores que senón chegan os traballadores que temos por duplicado e dous concelleiros pois se cada é incompetencia por suposto claro. Fíxose algunha campaña de desratización?, onde e cando?. Vamos a ver con data 2 de maio de 2016 pasóusenos un decreto de Alcaldía con custe de locomoción dun traballador e podo pór o nome porque é público, Rubén Carid Seara 197,60 € por 1.040 quilómetros, o problema ven aquí, é un peón de obras contratado cunha subvención da Xunta de Galicia para uns temas moi concretos, un contrato de formación e aprendizaxe ou comunmente chamado formación dual queremos saber a que se, a que ía destinado este gasto, e por último vamos a ver, o señor Alcalde sabe do que lle vou a falar, o pasado día 1 mércores ás 9:45 aproximadamente fronte a Mercadona na intersección da avda. De Celanova coa rúa do Viso onde empeza o parque que vai a urbanización nova, producíronse uns incidentes, vamos a ver, uns cans e sabemos todos cales son eses cans, quen é o seu propietario porque xa carrega diferentes denuncias aquí no Concello soltáronlle os cans que temos coñecemento non vou a pór nomes por suposto nin onde vive, sei que é na avda. De Celanova, ten unhas limitacións bastantes que se ven á vista tanto físicas como mentais,



ten dous cans grandes que se lle soltaron porque a súa deficiencia física non lle permite suxeitalos, escapáronse da correa ían sen boceira claro, e fóronse cara o parque e colleron a un can pequeno e matárono no momento, o can quedou agonizando levárono os servizos veterinarios pero morreu, eu vamos a ver estaba presente e o señor Alcalde cónstame que estaba presente porque oíu as sirenas que chamamos algúns que estabamos alí á Policía Local e Protección Civil, e o señor Alcalde debía de estar nas oficinas de A Valenzá probablemente e viu o que alí pasaban montóns de cativos vendo o espectáculo

O sr. Alcalde toma a palabra: Non o vin

O sr. Fernández toma a palabra: Eu presencieino, presencieino porque me advertiron sacaba a miña cadela e dixéronme métea dentro porque che poden ir a túa, pois isto é así, vamos a ver sabemos que é un problema xa que ven de bastante atrás hai uns meses eses cans atacaron a outro hai unha denuncia presentada na Policía Local e incluso atacaron ó seu propietario, entón quixera saber e a pregunta é esta, tomáronse por parte do Concello, porque se poden tomar, non sei se revisaron unha ordenanza e agora si que vou ir eu para atrás que deixou aquí o grupo do Partido Popular no seu momento que vai encamiñada a este tema os animais potencialmente perigosos, non a última ordenanza que o único que pode facer é de queixarse do que canta o galo do veciño, ou dos ovos que poñen as pitas, esta é unha ordenanza que prevé e faculta ó Concello en moitos casos dependendo do tipo de falta a utilizar unhas medidas correctoras eu quixera saber se se tomaron esas medidas, isto vámolos trasladar por escrito porque hai un colectivo moi importante de xente afectada, porque se sabe que xa hai varias denuncias non se tomaron medidas e isto foi hai uns meses pero agora os cans seguen atacando e probablemente co tempo senón se tomas unhas medidas non con animais pero si probablemente con algunha persoa sobre todo cos cativos que xogan nos parques e berran os críos asústanse e os cans unha vez que atacaron isto poden os veterinarios pódeno confirmar unha vez que atacan se un rapaz berra e peor, entón nós vamos trasladar todas estas preguntas a ver que é o que se fixo dende o Concello, neste sentido o que si nos gustaría dende logo que se tomaran as medidas porque a xente témolo sabido que non está paseando pola rúa nestes intre, xa levaban tempo pero segue esa problemática. E nada máis. moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

A sra. Carril toma a palabra (PP): Son queixas de varios veciños concretamente da zona de Parada porque hai unha problemática que a nivel estatal non sei se aquí sabedes eu estivenme informando a raíz das queixas destes veciños, está habendo problemas cas televisións por culpa das antenas 4G, é a



nivel estatal, entón informar ó Concello porque hai veciños que o están pagando dos seus petos, e non o teñen por que pagar, porque esta é gratuíto e a través do Ministerio de Industria, teño aquí un teléfono ó que chama que é un 900 un teléfono gratuíto e poñen a queixa, mándanlle un técnico que llo soluciona, entón o deber do Concello sería poñer uns bandos, explicando esa problemática poñendo o teléfono do Ministerio de Industria como están facendo máis concellos para que os veciños chamen, concretamente queixábanse pola zona de Parada. Ese sería un rogo, e pásovos despois o teléfono hai unha páxina tamén se queredes ver na que se informa de todo isto a páxina chámase Chega 800 aí que lle informa de todo porque é un problema a nivel estatal. É un problema a nivel estatal e ata a fin de ano é gratuíto, encárgase o Ministerio de Industria disto entón é conveniente que se os veciños teñen eses problema que non o paguen do seu peto, poñer pois tería que poñer o Concello eu poñería en todos os pobos porque eu sei que en Parada pasa porque mo dixeron veciños de Parada. Pois dicir iso hai unha problemática cas antenas 4G que están interferindo nos canais de televisión concretamente queixáronse varios veciños de Parada, eu estívenme informando e mirando, e mírase na páxina que se chama “chega 800”, “llega 800” que é en castelán, e o veciño que teña esta problemática chámase a un número de teléfono que o Concello terá que poñer uns bandos, que é un 900, é un teléfono gratuíto, e automaticamente lle mandan un técnico para solucionar ese problema, ata fin de ano é gratuíto, ou sexa cobre o custo o Ministerio de industria, entón é conveniente que os veciños o saiban porque sei de veciños que o pagaron do seu peto. Teno tamén outro rogo que leva como tres meses fundida unha farola nunha rúa de Bentraces, na Hermida concretamente alí onde está a antiga escola, antes a min os veciños chamábanme ó día seguinte estaba arranxada, non sei se vos dixeron algo, non vos dixeron nada pero leva tres meses fundida. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

A sra. González toma a palabra: Chamei a Saleta Goi por teléfono e trasladoume o seu agradecemento a todos os grupo políticos, os que votamos a favor por votar a favor e por propolo, pero tamén ós que permitiron que iso fose posible, pedíume por favor que volo trasladara ó Pleno por iso o traslado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas

A sra. Morenza toma a palabra: Eu só quería facer un rogo moi breve ós membros da Corporación é que se procuren evitar as alusións directas a menores de idade por parte dos Concelleiros e das Concelleiras. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Díxose, porque alguén leva a súa filla a un parque. Levántase a



CONCELLO DE BARBADÁS

sesión.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 22:20 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL